



CONCELLO DE BERGONDO (A CORUÑA)

ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 26 DE ABRIL DE 2012.

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a vinte e seis de abril de dous mil doce, sendo as vinte horas e trinta minutos ten lugar a sesión ordinaria do Pleno municipal presidida pola alcaldesa-presidenta, D.^a Alejandra Pérez Máquez, do grupo socialista, con asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

Grupo municipal Socialista (PSdG-PSOE):

D.^a M.^a Begoña Calviño Dorado
D. Jesús Vázquez García
D. Domingo Fuentes Rocha

Grupo municipal Veciños de Bergondo (VB):

D. Francisco Manuel Fafián Torreiro (voceiro)
D.^a María del Loreto Caseiras Arroyo

Grupo municipal do Partido Popular (PP):

D.^a Antonia M.^a Sanjurjo Seijas (voceira)
D.^a Silvia M.^a Vázquez Cardelle
D.^a Isabel Prado Gómez
D. Alberto Feijoo Rodríguez
D. Fernando Abruñedo Fernández

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

D. Antón Sánchez García (voceiro)
D. Juan Antonio Fariña Pedreira

Así mesmo asisten:

A interventora municipal: D.^a Laura Gutiérrez Ortiz
O secretario xeral: D. Federico Suárez Cancelo

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS DOS DÍAS 28 E 29 DE MARZO DE 2012.

2.- RATIFICACIÓN SE PROCEDE, DO DECRETO DE ALCALDÍA NÚM. 205/2012, DE 6 DE ABRIL, DE APROBACIÓN DA REVISIÓN DO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES DESTE CONCELLO.

3.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DO CONCELLO DE BERGONDO. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

4.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO FUNCIONAMENTO E ORGANIZACIÓN QUE REXERÁ A PRESTACIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE BERGONDO. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

5.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

6.- INCLUSIÓN NO INVENTARIO DE BENS E DEREITOS MUNICIPAL, DUNHA PARCELA SITUADA EN “CASAL DA SENRA”. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

7.- MOCIÓN PARA PROPOÑER Á REAL ACADEMIA GALEGA QUE O DÍA DAS LETRAS GALEGAS DO ANO 2013, SEXA DEDICADO A D. FRANCISCO VALES VILLAMARÍN. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

8.- ASUNTOS URXENTES

9.- DECRETOS E RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

10.- ROGOS E PREGUNTAS.

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS DOS DÍAS 28 E 29 DE MARZO DE 2012.

Os/as integrantes da Corporación recibiron os borradores das actas correspondentes ás sesións dos días 28 e 29 de marzo de 2012. A Sra. alcaldesa preguntalles aos/ás concelleiros/as se teñen algunha observación que formular; non se formulan, polo que se aproban por unanimidade.

2.- RATIFICACIÓN SE PROCEDE, DO DECRETO DE ALCALDÍA NÚM. 205/2012, DE 6 DE ABRIL, DE APROBACIÓN DA REVISIÓN DO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES DESTE CONCELLO.

A continuación dáse conta aos/ás asistentes, do Decreto da Alcaldía 205/2012, informado favorablemente para a súa ratificación, pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que transcrito literalmente di:

“1º) Que a Delegación Provincial do Instituto Nacional de Estatística (INE) remitiu a este concello un escrito con data 27/03/12 e núm.2275 de Rexistro xeral de entrada, no que comunica, entre outros, que o concello dispón ata o vindeiro 10 de abril para enviárselle un oficio no que se especifique a cifra de poboación resultante da revisión realizada por ese concello xunto co ficheiro C15008AI.012, copia do Padrón completo a 1 de xaneiro de 2012, segundo o disposto no apartado IV da Resolución de 25 de outubro de 2005, da Presidenta do INE e do Director xeral de Cooperación Local, pola que se ditan instrucións técnicas ós concellos sobre a revisión anual do Padrón municipal e sobre o procedemento de obtención da proposta de cifras oficiais de poboación.

2º) *Que os artigos, entre outros, 81, 82 e 83 do Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial vixente, recollen os trámites a seguir para a revisión do Padrón municipal de habitantes, indicando o art.81 a aprobación polos concellos dos seus padróns municipais.*

Igualmente a Resolución de 25 de outubro de 2005 citada no parágrafo 1º), publicada no BOE de data 23/11/05, refírese expresamente no apartado I ó citado art.81 do Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial.

3º) *A funcionaria encargada da xestión do Servizo do Padrón municipal deste concello, emitiu, con data 04/04/12, un informe favorable.*

En base ó exposto, R E S O L V O :

- **Primeiro:** *Aproba-la revisión do Padrón municipal de habitantes deste concello, referida ó 1 de xaneiro de 2012, cunha cifra de poboación de 6731 habitantes.*
- **Segundo:** *Remitir ó INE o ficheiro “C15008AI.012” no que se inclúe copia do Padrón completo a 1 de xaneiro de 2012.*
- **Terceiro:** *Dar conta ó Pleno para a súa ratificación, se procede.*

Bergondo, 9 de abril de 2012=A alcaldesa=Alejandra Pérez Máquez”

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as trece concelleiros/as asistentes, que forman a totalidade da Corporación municipal, ratifican o Decreto que se acaba de transcribir

3.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DO CONCELLO DE BERGONDO. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

A continuación dáse conta ós/ás asistentes, da proposta da Alcaldía informada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

“Unha vez que foi vista a necesidade de adecuar o texto da ordenanza á lexislación vixente segundo o establecido no Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, da Consellería de Traballo e Benestar, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes desta Consellería nos termos que establece nos seus artigos 15 e seguintes o Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e tras ve-lo informe da interventora municipal e en consonancia coa documentación que integra o expediente, proponse ó Pleno da corporación que despois do exame do mesmo adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar provisionalmente có quórum da maioría simple legal, a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo da escola infantil municipal, cuxo texto modificado queda como segue:

“Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servizo público de Escola Infantil Municipal de Bergondo.

Artigo 1. Concepto.

De conformidade co previsto no artigo 20.4.d) e seguintes do R-D Lexislativo 2/2.004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así mesmo conforme ó Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, da Consellería de Traballo e Benestar, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes desta Consellería, este concello establece a taxa por prestación do servizo público Escola Infantil Municipal de Bergondo, especificando as contías no artigo 3 e seguintes, que se rexerán polo presente texto normativo.

Artigo 2. Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos nesta ordenanza os pais/nais dos nenos/as en situación de alta na Escola Infantil Municipal de Bergondo e reciban ou resulten beneficiados ou afectados polos servizos prestados ou

realizados nela, e no seu defecto, os/as familiares ou titores/as legais a quen corresponda o exercicio da patria potestade.

Artigo 3. Contías.

1.-Defínese a unidade familiar como a formada polos cónxuxes non separados legalmente e, no seu caso, os fillos e fillas menores con excepción dos que, con consentimento dos pais, vivan independentes destes e os fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada , así como os/as fillos/as maiores de dezoito anos discapacitados cun grao de discapacidade superior ó 33 por cento.

A determinación dos membros da unidade familiar farase atendendo á situación existente a 31 de decembro de cada ano.

Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas do exercicio anterior a aquel en que dea comezo o curso escolar, no cal se pretenda que produza efectos, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas por agregación da base impoñible xeral coa base impoñible de aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O importe dos ingresos totais da unidade familiar será acreditado, mediante a presentación das copias certificadas pola Administración tributaria das declaracións do IRPF ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaracións do IRPF.

O importe anterior dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar, Entenderase por familia monoparental a unidade familiar cando formase parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa con quen manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente o eu sustento.

A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior por doce.

3.2.-As taxas aplicables por tarifa, quedan como seguen:

Intervalo IPREM	Tarifa	xornada completa	media xornada	Al.	Xan.	Meren.	H. extra
>200%	1	160,00	80,00	13,00	44,00	13,00	20,00
150% - 200%	2	139,00	69,50	10,00	40,00	10,00	20,00
> 125%-<150%	3	126,00	63,00	9,25	31,50	9;25	20,00
100 % -125%	4	106,00	53,00	7,00	22,00	7,00	20,00
75% -100%	5	66,00	33,00	4,50	16,00	4,50	20,00
50 % -75%	6	33,00	16,50	3,00	10,50	3,50	20,00
30 % -50%	7	0,00	0,00	3,00	10,50	3,50	20,00
< 30%	8	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	20,00

Enténdese por xornada completa a realizada durante máis de 4 horas e ata un máximo de 8 horas e por media xornada a realizada durante 4 horas ou menos. Todo isto sen prexuízo da organización de xornadas que regule o Regulamento de funcionamento e organización da escola infantil municipal.

Al: almuerzo. Xan: xantar. Me: merenda.

H. extra: hora extra (hora a maiores das 8 máximas da xornada completa). Sempre terán que estar debidamente xustificadas.

Artigo 4. Bonificacións.

4.1.-Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o taxa que resulte de aplicar o disposto na táboa anterior, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre si:

- a) Nenos/as pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20%.*
- b) Nenos/as pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20%.*
- c) Cando asistan a EIM (Escola Infantil Municipal), varios irmáns, o segundo e sucesivos terán un desconto dun 20%.*

Entenderase por familia numerosa aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

Para aplicación dos descontos teranse en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude de praza na escola infantil, que deberán ser previamente xustificadas documentalmente de non coincidir coas circunstancias na data da declaración do IRPF.

4.2.-Cando por circunstancias sobrevidas (solicitude fóra de prazo, traslado de residencia, etc), o/a neno/a ingrese no centro con posterioridade ó día 15 do mes, a cota que corresponda pagar por dito mes terá un desconto do 50 %.

Artigo 5. Devengo.

A obriga de contribuír nace desde o momento en que se preste o citado servizo público.

Artigo 6. Normas de xestión.

O pagamento das tarifas será mensual e deberanse aboar nos primeiros dez días de cada mes.

Salvo o establecido no artigo seguinte, a falta de asistencia da nena/o ó centro non supón redución nin exención da cota mentres non se formalice a baixa correspondente.

Artigo 7.- Suspensión temporal da cota

- a) Os suxeitos pasivos non terán obriga de pago da cota durante os seguintes períodos:*
 - O mes de vacacións anual do neno/a*
 - Cando por calquera motivo diferente ó anterior, o centro permaneza pechado por un período superior a quince días.*

En ambos casos a suspensión será de oficio.

- b) Os suxeitos pasivos non terán a obriga de aboar a cota correspondente ó servizo de comedor no seguinte suposto:*

Cando, con carácter excepcional, por causa debidamente xustificada o/a neno/a deixe de asistir temporalmente ó centro, durante un período superior a 15 días continuados. Neste caso, a suspensión da cota terá lugar desde o primeiro día do mes natural seguinte á data de inasistencia ó centro e durará ata o primeiro día do mes natural en que teña lugar a reincorporación.

Se a reincorporación se produce con posterioridade ó día 15 do mes, a cota de comedor correspondente a dito mes reducirase nun 50%.

Nos casos de suspensión temporal da cota correspondente ó servizo de comedor, o pagamento correspondente ó mes de reincorporación realizarase no prazo de dez días naturais seguintes á data da reincorporación.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto na presente ordenanza que modifica a aprobada polo Pleno en sesión celebrada o día 29 de xullo de 2004 e publicada no BOP núm. 237 de 14 de outubro de 2004.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor o con efectos 1 de setembro de 2012, sendo de aplicación para o curso escolar 2012-2013 e seguintes, sempre ata a súa modificación ou derogación.”

2º.- Expoñer ó público o presente acordo mediante anuncios no taboleiro de edictos da corporación e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de trinta días hábiles que contarán a partir do seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examina-lo expediente e presenta-las reclamacións que estimen oportunas.

3º.- As reclamacións presentadas serán resoltas pola corporación en Pleno, e de non existir, entenderase definitivamente aprobado o acordo provisional, debéndose proceder en todo caso á publicación no Boletín Oficial da Provincia do acordo definitivo, e do texto íntegro da ordenanza.

O Pleno decidirá o que estime mais conveniente.

Bergondo, 10 de abril de 2012=A Alcaldesa =Asdo.: Alejandra Pérez Máquez”

Seguidamente toma a palabra a Sra. alcaldesa e di: como xa dixemos na Comisión Informativa, é a adaptación da nosa Ordenanza ó Decreto aprobado pola Consellería de Traballo, e as tarifas entrarán en vigor no curso que ven, que dará comezo o 1 de setembro de 2012.

A continuación a Sra. voceira do PP manifesta: efectivamente estamos ante unha adaptación ás tarifas marcadas pola Xunta, como consecuencia do incremento que tanto se critica porque non se revisaron, creo, desde o ano 2000. En todo caso, a recadación por taxas, segundo o informe de Intervención, é como dunha cuarta parte do custo total do servizo, entón, tampouco cremos que a repercusión nas familias sexa moi elevada, co cal estamos de acordo coa modificación.

O Sr. voceiro do BNG di: o mais importante aquí para os veciños e veciñas de Bergondo é que soben as taxas da escola infantil e iso é negativo, evidentemente non é achacable ao goberno local de Bergondo porque é unha adaptación ó Decreto da Xunta.

É unha mostra mais da política que se está a levar dende a Xunta de encarecer os servizos públicos e de empeorar as condicións de vida da maioría das persoas. Nos cremos que a tendencia debería ser outra, cara unha educación universal gratuíta, pero non van por aí na Xunta; polo tanto, nos apoiamos a aprobación destas taxas porque hai que adaptarse á legalidade vixente, só por iso.

Toma a palabra o Sr. voceiro de VB e di: nos apoiamos tamén esta subida de taxas porque é unha obriga do goberno local adaptarse as taxas marcadas pola lexislación vixente.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as trece concelleiros/as asistentes, que forman a totalidade da Corporación, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

4.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO FUNCIONAMENTO E ORGANIZACIÓN QUE REXERÁ A PRESTACIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE BERGONDO. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

A continuación dáse conta ós/ás asistentes, da proposta da Alcaldía informada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

“Con data de 24 de novembro de 2.011 o pleno da Corporación procedeu a aprobar inicialmente o Regulamento de funcionamento e organización que rexerá a prestación do servizo de Escola Infantil Municipal de Bergondo que, tras exposición pública, foi elevado a definitivo publicándose o texto íntegro do mesmo no BOP nº 18 do 26 de xaneiro de 2012.

Logo de iniciarse os trámites para a licitación do novo contrato de concesión da Escola Infantil Municipal de Bergondo, así como da modificación da ordenanza fiscal observouse a necesidade de introducir pequenas modificacións no citado Regulamento que non inciden no fondo do mesmo e que axudarán a unha mellor coordinación coa nova Ordenanza Fiscal.

Así no artigo 14. c do Regulamento, cando fai referencia á documentación que xustifica a situación económica e laboral da unidade familiar sinala a necesidade de achegar copia da última declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas da unidade familiar, cando resulta mais axeitado que tal extremo sexa acreditado mediante copias certificadas pola Administración tributaria das declaracións do IRPF ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen declaracións do IRPF.

De igual xeito procede a modificación do artigo 33.1 do Regulamento que fai referencia a Ordenanza Fiscal aprobada polo pleno con data de 29 de xullo de 2.004, sendo mais axeitado que se faga referencia á ordenanza fiscal vixente en cada momento.

*Por todo o anterior propoño que o Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa adopte o seguinte **ACORDO**:*

Primeiro: *Aprobar provisionalmente a modificación do Regulamento de funcionamento e organización que rexerá a prestación do servizo de Escola Infantil Municipal de Bergondo (BOP nº 18 do 26 de xaneiro de 2012.) introducindo as seguintes modificacións:*

O artigo 14 punto c, quedará redactado do seguinte xeito:

c Documentación que xustifica a situación socio –económica e laboral da unidade familiar:

-Fotocopia da última nómina ou no seu caso, certificación acreditativa do INEM de estar en situación de desemprego con percepción ou non de prestacións de todos os membros da unidade familiar.

-Informe de vida laboral actualizado.

-As persoas que presentaron declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas deberán presentar copias certificadas pola Administración tributaria das declaracións do IRPF ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen declaracións do IRPF. En caso de declaracións individuais certificado de última declaración de cada persoa da unidade familiar obrigada a declarar.

-Persoas que non presentaron a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas:

+Os solicitantes da devolución rápida, presentarán copia da comunicación que lles enviou a Axencia Estatal da Administración Tributaria en aplicación do artigo 81 da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

+As persoas non obrigadas a declarar e que non solicitan a devolución rápida presentarán certificación dos datos existentes na Administración Tributaria, que en aplicación do artigo 16 da Lei 1/1998, de 26 de febreiro, de dereitos e garantías do contribuíntes, expide a Axencia Estatal da Administración Tributaria.

-Fotocopia de certificados de pensións de membros da unidade familiar, etc...

-Os profesionais autónomos presentarán fotocopia das declaracións trimestrais de IVE e renda segundo corresponde do ano no que se efectúe a solicitude.

-Certificado de intereses e retencións bancarias.

-Fotocopia da declaración do imposto sobre patrimonio.

-Nos casos de nulidade matrimonial, separación ou divorcio, considerarase a renda de quen exerza a custodia. En caso de que a custodia sexa compartida presentarase a renda dos dous pais.

O artigo 33.1 quedará redactado do seguinte xeito:

1.-As tarifas resultantes son as establecidas e aprobadas en cada momento polo Concello de Bergondo, mediante Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de Escola Infantil Municipal.

Segundo: *Expoñer no Tablón de anuncios da Corporación, por prazo de trinta días, e publicar no BOP, este acordo para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.*

Terceiro *Dar conta ao Pleno das reclamacións que se presenten. As reclamacións presentadas resolveranse por este órgano con carácter definitivo. No caso de que non se presenten reclamacións, o acordo provisional elevarase automaticamente a definitivo.*

Cuarto: O acordo definitivo ou no seu caso o provisional elevado automaticamente a definitivo, así como o texto íntegro da modificación do mencionado Regulamento publicarase no BOP. E esta é a miña proposta non obstante o Pleno acordará o que considere oportuno. Bergondo 16 de abril de 2.012.=A Alcaldesa.=Alejandra Pérez Máquez.”

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as trece concelleiros/as asistentes, que forman a totalidade da Corporación, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

5.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

A continuación dáse conta ós/ás asistentes, da proposta da Alcaldía informada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

“Mediante acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión de 6 de maio de 2.005, procedeuse á constitución do servizo de Escola Infantil Municipal do Concello de Bergondo e se estableceu como forma de xestión mais axeitada a xestión indirecta a través de concesión.

Con data de 26 de agosto de 2.005, o Concello de Bergondo e Os Peques S.L, procederon a asinar contrato administrativo da concesión do servizo público da Escola Infantil Municipal de Bergondo.

Dito contrato tiña unha duración prevista de 5 anos, sendo posible a súa prórroga anual por mutuo acordo. Tendo xa vencido o prazo do citado contrato e despois de dúas prórrogas anuais, enténdese que resulta necesario poñer fin á vinculación contractual e a proceder a unha nova licitación do mesmo, co fin de adaptarse ás novas necesidades e aos cambios normativos operados nos derradeiros anos, entendendo que dadas as características do contrato; o procedemento aberto con varios criterios de adxudicación e tramitación ordinaria resulta ser o procedemento máis axeitado, co fin de promover a maior concorrencia posible que redunde en beneficio do Concello.

Vistos os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas elaborados polos servizos deste Concello, e logo de ver que con data de 10 de abril de 2.012 por parte da Intervención do Concello informase da existencia de crédito suficiente para poder proceder á citada licitación.

*Logo de ver igualmente o informe emitido polo Secretario Xeral do Concello con data de 11 de abril de 2.012 onde entre outros aspectos se sinala a competencia do Pleno da Corporación e a necesidade de que os acordos se adopten por maioría absoluta e o informe de fiscalización emitido pola Intervención Municipal. Tendo en conta o establecido no artigo 110 e a Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, pola presente propono ao pleno da Corporación, que previo ditame da Comisión Informativa adopte o seguinte **ACORDO**:*

Primeiro: *Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, oferta máis ventaxosa, varios criterios de adxudicación e tramitación ordinaria, para a xestión do servizo público da Escola Infantil do Concello de Bergondo, mediante a modalidade de concesión, convocando a súa licitación, incluíndo a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas.*

Segundo: *Autorizar o gasto por contía de 39.445,96 euros, correspondentes ao gasto referido para o exercicio 2012, con cargo á partida 230/227.06. Igualmente aprobar o compromiso da Corporación de dotar nos exercicios futuros o crédito orzamentario necesario para facer fronte o gasto derivado da presente contratación.*

Terceiro: *Publicar no Boletín Oficial da Provincia e no Perfil do contratante anuncio da presente licitación para que durante o prazo de quince días poidan presentar as proposicións que se estimen pertinentes polos licitadores interesados.*

Cuarto: *Nomear como membros da mesa de contratación aos seguintes: Presidenta: D^a. Alejandra Pérez Máquez (Alcaldesa) ou persoa que legalmente a substitúa; Vogais: D^a. M^a Begoña Calviño Dorado (Concelleira do PSG-PSOE); D. Francisco Manuel Fafian Torreiro (Concelleiro de Veciños de Bergondo);*

D. Antón Sánchez García (Concelleiro do B.N.G), D^a. Antonia María Sanjurjo Seijas (Concelleira do P.P) D^a. Laura Gutiérrez Ortiz (Interventora); D^a Amparo Iglesias Puente (Técnica de Servizos Sociais); D^a María Luisa Vázquez Vázquez (Técnica de Servizos Sociais) D. Federico Suárez Cancelo (Secretario), e Secretaria D^a Rosa María Calviño Calvete

***Quinto:** Publicar a composición da Mesa de Contratación no Perfil do contratante, cunha antelación mínima de oito días con respecto á reunión que deba celebrarse para a calificación da documentación referida no artigo 146.1 do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público aprobada por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.*

***Sexto:** Autorizar á Sra. Alcaldesa á realización de calquera trámite que resulte necesario relacionado con presente expediente de contratación, a excepción da adjudicación do contrato que se delega a favor da Xunta de Goberno Local.*

Esta é a miña proposta sen prexuízo de que o Pleno da Corporación acordará o que considere oportuno. Bergondo 13 de abril de 2.012.=A Alcaldesa.=Alejandra Pérez Máquez.”

Toma a palabra a Sra. alcaldesa e di: a escola infantil municipal ao día de hoxe xa leva un contrato de cinco anos e dúas prórrogas, en total sete anos. Pola experiencia que houbo nesta concesión establecemos unha duración de sete anos como máximo, e co obxectivo de que o un de setembro comece xa coa nova empresa concesionaria. Na Comisión Informativa fíxose unha modificación, cambiamos os criterios referidos á oferta económica, entendendo que non era o primordial, neste tipo servizos, as baixas económicas senón puntuar dunha forma importante a formación académica, a profesional, a proposta pedagóxica, etc.; todo elo adaptándonos á Lei de Contratos que di que o cincuenta e un por cento dos puntos xa teñen que ser criterios obxectivos.

A continuación a Sra. voceira do PP manifesta: nada que obxectar, excepto que como sempre, imos pillados de tempo, para ter a concesión para setembro. A nosa única aportación, xa aclarada como non posible polos servizos xurídicos municipais, é que nas melloras propostas pola concesionaria a posibilidade de puntuar como positivo que o persoal contratado fose de Bergondo; como xa sabemos que esta suxerencia legalmente non é posible aprobamos a proposta nos termos actuais.

Seguidamente o Sr. voceiro do BNG di: nos propuxemos rebaixar o peso da oferta económica no conxunto dos baremos, porque moitas veces as baixas ao final son as que deciden o concurso, e as cousas custan o que custan e polo tanto, preferimos que se valoren mais as melloras propostas que as baixas económicas. Polo demais, tampouco había moita marxe de manobra, a xestión na práctica ten que ser xestión indirecta, porque a nova lexislación tampouco permite ao concello contratar persoal.

O Sr. voceiro de VB manifesta: simplemente apoiar a proposta como membro do equipo de goberno.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as trece concelleiros/as asistentes, que forman a totalidade da Corporación, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

6.- INCLUSIÓN NO INVENTARIO DE BENS E DEREITOS MUNICIPAL, DUNHA PARCELA SITUADA EN “CASAL DA SENRA”. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

A continuación dáse conta ós/ás asistentes, da proposta da Alcaldía informada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

“Por Decreto da Alcaldía 575/2001, de 4 de outubro, aprobouse definitivamente a proposta de reparcelación voluntaria de tres fincas sitas nos lugares de A Senra e Ctra. Ferrol, colindantes entre elas, e formulada polo seu propietario, D. Benigno Fernando Sánchez Martínez en representación de Atrium Inversiones, S.L..

Dita parcelación foi formalizada en escritura pública de reparcelación voluntaria, de data 6 de abril de 2001, núm. de protocolo 3140, outorgada por Atrium Inversiones, S.L., perante o notario da Coruña D. Ramón González Gómez, constando na Cláusula Segunda a descrición dos terreos de cesión obrigatoria ó Concello de Bergondo.

O día 31 de marzo de 2004, formalizouse a Acta de Recepción das obras de urbanización correspondente ó Estudio de Detalle sinalado e á súa posterior parcelación.

Comprobando que o terreo de cesión ó concello non foi incluído no Inventario de Bens e Dereitos Municipal, solicitouse un informe ós servizos técnicos municipais, que foi emitido o día 6 de marzo de 2012, e no que consta a descrición da finca, valoración económica, clasificación e cualificación do solo e situación, co obxecto de proceder á súa incorporación.

En consonancia co exposto, propónse ó Pleno da Corporación que, tras o exame do expediente, adopte o seguinte **ACORDO**:

Incluír no Epígrafe 1º.- INMOBLES, Subepígrafe 1º.- Fincas Urbanas, do Inventario de Bens e Dereitos Municipal en consonancia co previsto nos arts. 85 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL), aprobado por R.D. 781/86, de 18 de abril, e arts. 36.1 do Regulamento de Bens das Entidades Locais (RB), o ben inmueble que seguidamente se transcribe:

Descrición: Parcela en “Casal da Senra”.

Natureza Xurídica: Ben de Dominio Público, afecto a un Servizo Público.

Cualificación urbanística: Solo Urbano.

Situación: parroquia de Bergondo.

Lindeiros: Norte: finca de D. Benito Suárez e antigo camiño de San Cidre; Sur: parcela núm. 1 da urbanización Casal da Senra; Leste: camiño; Oeste: cómaro que a separa de fincas de D. Benito Suárez e D.ª Delia López Suárez.

Superficie: 320,10 m²

Adquisición: Cesión obrigatoria.

Valor: 29.237,56 euros.-

Rexistro da Propiedade: Betanzos, Tomo 1715, Libro 221, Folio 62, Finca núm. 21044, inscrición 1ª.

Non obstante o Pleno Municipal decidirá o que crea mais conveniente.

Bergondo, 16 de abril de 2012=A alcaldesa=Alejandra Pérez Máquez”

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as trece concelleiros/as asistentes, que forman a totalidade da Corporación, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

7.- MOCIÓN PARA PROPOÑER Á REAL ACADEMIA GALEGA QUE O DÍA DAS LETRAS GALEGAS DO ANO 2013, SEXA DEDICADO A D. FRANCISCO VALES VILLAMARÍN. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

A continuación dáse conta ós/ás asistentes, da proposta da Alcaldía informada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

“O día 28 de marzo (R.X.Entrada núm. 1078) recibíuse un escrito do Concello de Betanzos no que nos informaban da aprobación dunha Moción para que o Día das Letras Galegas do vindeiro ano 2013 se dedique a D. Francisco Vales Villamarín, e solicitánnos a nosa adhesión.

Don Francisco Vales Villamarín naceu no seo dunha familia traballadora o 7 de maio de 1891, na casa nº 6 da Rúa de Roldán, en Betanzos, quedando orfo ós tres meses, e finou tamén en Betanzos o 24 de agosto de 1982. Pronto destacou intelectualmente na localidade, creando periódicos como Destellos Juveniles (1905) e colaborando noutros: La Aspiración (1904-12), Nueva Era (1912-13)...Hai que subliñar tamén a súa estadia no Pazo de Meirás, traballando á beira de dona Emilia Pardo Bazán no 1913.

En Compostela, cando estudaba Maxisterio, dirixiu El Normalista, órgano dos alumnos da Escola Normal Superior de Mestres. Alí colabora tamén na Gaceta de Galicia.

No 1917 funda as Irmandades da Fala de Betanzos e no 1918, sendo o seu presidente, organiza os Xogos Froraes, dos que nos queda un libro que sería, con trinta anos de distancia, o antecedente do Anuario Brigantino, que tamén fundaría no 1948 e que sigue hoxe camiñando pola senda que el marcou na defensa da cultura galega. Dirixiu esta revista os anos 1948, 1949, 1951 e 1981.

Colabora ademais nos programas de festas, no Boletín de Información Municipal, na revista do Centro Betanzos de Buenos Aires, en La Coruña Paraiso del Turismo e en diversos periódicos como La Voz de Galicia, El Ideal Gallego, Faro de Vigo...

Como secretario, desde 1949, da Real Academia Galega (da que era membro correspondente desde 1927 e numerario desde 1940), coordina a realización do seu Boletín no que tamén aparecen traballos de investigación seus xa desde 1931.

Foi un dos grandes mestres de Galicia, adiantado nas técnicas pedagóxicas, aplicando métodos derivados de Pestalozzi, da Institución Libre de Enseñanza ou psicólogo francés Alfred Binet, inusuais na súa época. E fundou na Coruña, no ano 1926, o Museo Pedagógico Regional.

Como poeta, a súa obra é coñecida, posto que no ano 2000 editáronse dous volumes, un en galego e outro en castelán. Desde os primeiros tempos, Vales escribiu poemas en galego, dos que se conservan máis de corenta, o que se incrementaría na segunda metade da súa vida. Poden clasificarse en: Estampas Betanceiras, Xente Coñecida e Outros. Como di a catedrática da Lingua e Literatura Galega, Concepción Delgado Corral: “foi poeta, en ocasións excelente, que merece terse en conta e figura na Historia da Literatura Galega”.

A publicación das súas obras completas, de 1.300 páxinas, no 2006, indican que o maior volume da súa obra se dedica á investigación de Betanzos e da súa comarca, fundamentalmente na área de Humanidades. Os seus aportes neste campo son básicos e motivo de cita reiterada. Abarca desde a Prehistoria e Mundo Antigo ata a Idade Contemporánea, deténdose moi especialmente na Idade Media.

Machados de pedra e de bronce, aras romanas, ídolos célticos, rutas xacobeas, sepulcros, escudos, pinturas, aspectos iconográficos varios, igrexas, edificios civís, rúas, urbanismo antigo, fontes, retratos biográficos, léxico mariñán, estudos sobre a prensa betanceira, documentos históricos, etc., todo o que teña que ver, en definitiva, co mundo da cultura é obxecto de interese e de estudo para don Francisco Vales Villamarín. Historia, Historia da Arte, Antropoloxía, Lingüística e, por suposto, Literatura en amplo abano, son campos que domina.

En vida é verdade que foi un autor coñecido e recoñecido, que pertenceu a numerosas academias e outras institucións, e que recibiu importantes condecoracións. Sen embargo, o Concello de Bergondo está convencido que a súa vida e obra debe ter un recoñecemento e unha presenza a nivel de Galicia maior, porque estamos a falar dun deses autores que desde o ámbito cultural axudaron a crear a Galicia que hoxe gozamos. E non esquezamos que el, como outros compañeiros da súa época, iluminou este país, en circunstancias moi difíciles.

Ó largo da súa obra, fixo referencia a este concello, entre outros, no libro titulado Las antiguas rutas jacobeanas del territorio brigantino (1º, 2º y 3º itinerarios), no que describe o camiño que discorre polo termo municipal de Bergondo, tal como se recolle no Anexo a esta Proposta.

Por todo o exposto anteriormente, propono ó Pleno municipal a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Solicitar á Real Academia Galega que o Día das Letras Galegas do ano 2013, sexa dedicado a don Francisco Vales Villamarín.

Segundo.- Remitir certificación do presente acordo ó Concello de Betanzos e á Real Academia Galega.

O pleno decidirá o que considere mais conveniente.=Bergondo, 16 de abril de 2012.=A alcaldesa=Alejandra Pérez Máquez”

ANEXO

Comenzaba uno de estos itinerarios en el cercano puertecito de Fontán, lugar fortificado a principios del siglo XVIII, donde desembarcaban numerosos contingentes de peregrinos extranjeros, especialmente ingleses e irlandeses. Seguía por la industriosa y risueña villa de Sada -cuya localidad, perteneciente un tiempo a la jurisdicción de Miraflares, en las Mariñas dos Condes, sería utilizada también como etapa final de la ruta marítima y por la llamada Costa de Ouces, en la carretera que pasa por Armuño, dejando antes a su izquierda la blasonada mansión del linajudo caballero mariñán, emparentado con los Queipo de Llano, don Antonio Posse Valledor, regidor en propiedad del concejo betancero, a fines de la décimotava centuria, como poseedor del vínculo y mayorazgo fundado por Juan Posse de Andrade "y agregación a él hecha por Alonso Posse Villardefrancos". El retablo de la capilla aneja a dicha casa -obra de exquisito gusto artístico, coronada por una magnífica efigie del Apóstol en la batalla de Clavijo- encuéntrase hoy en el Pazo de Meirás, donado por un descendiente de aquel prócer a la eximia escritora doña Emilia Pardo Bazán.

Continuaba el camino por las aldeas de Mesoiro, el Casal y Río -"remansos campestres", en frase del admirado "Herculano", que tan bien conocía estos deleitosos parajes-, perfilándose a cierta distancia el "altivo e forte" castro da Fragachán o de Reboredo, al que hubo de dedicar, ya en sus años de senectud, una de sus más bellas y viriles composiciones el inspiradísimo y siempre recordado bardo sadense LUGRÍS FREIRE, presidente que ha sido de la Real Academia Gallega. A Areosa seguidamente, con el idílico rinconcito de Bergondiño -de agarimoso topónimo- a mano derecha, y a la izquierda, el castro de Bergondo o "Monte do Frade", punto de vista deliciosísimo, difícilmente superable. Pasa la calzada bordeando el atrio o compás de la iglesia parroquial de San Salvador de Bergondo -Burgundium en los documentos medievales-, monumento de extraordinario valor arqueológico, que formó parte, como se sabe, del desaparecido monasterio benedictino de igual nombre y que tan magistralmente estudió y describió, en diferentes ocasiones, nuestro ilustre presidente, señor Del Castillo, considerándolo, con gran acierto, "como uno de los ejemplares más completos e importantes, en su tipo, de la arquitectura románica gallega". Conserva el templo varias imágenes de regular mérito, así como algún retablo de excelente traza y esmerada ejecución, siendo también digno de mención muy particular uno de corte barroco que decoraba la capilla de santa Catalina -dedicada a sacristía en la actualidad, fundada por don Antonio Sánchez de Ponte y Andrade, "inquisidor en la de Valladolid y Toledo y canónigo que fue de la Santa Apostólica Iglesia de Santiago", retablo que figura hoy en la próxima parroquial de Santa Marina de Rois, a donde hubo de ser trasladado hace tiempo por disposición de un obispo auxiliar del prelado compostelano. El edificio conventual, en muy mal estado de conservación todo él, hállase actualmente convertido en rectoral, pudiendo verse aún en diversas dependencias de la misma algún viejo resto de relativo interés.

El rey Alfonso IX de León, en virtud de un privilegio otorgado en La Coruña el 15 de abril de 1218, donó y acotó al expresado monasterio el realengo del lugar en que aquél tenía su asiento. Según don César Vaamonde, este coto era muy extenso, pues se componía de las feligresías de Bergondo, Dans, Morujo, parte de las actuales de Ouces, Lubre y otras, corriendo sus límites, por el interior, hasta el río de Miodelo -fluvium Randulphi-, y luego, desde la desembocadura de este río, por la orilla del mar, hasta el río que desagua en la playa de Gandarío. Con posterioridad a aquella fecha, sufrió varias desmembraciones, quedando reducido solamente a dos únicas parroquias, las de Bergondo y Morujo, y así continuó unido a la jurisdicción de Betanzos hasta la abolición de los señoríos. Al crearse los ayuntamientos, entraron ambas feligresías a formar parte del de Las Mariñas, el cual, por su excesiva extensión, fue dividido en otros varios, que tomaron los nombres de Bergondo, Sada, Oleiros, etc., los que aun subsisten.

Prosigue la senda a lo largo del muro anterior del antiguo cementerio bergondense, y salvando, a pocos pasos, la carretera de Santa Marta de Babío, intérnase en el lugar de Leiras, recibiendo aquí la denominación de "Camiño dos mouros". Próximo a éste y hacia la izquierda, álzase otra prerromana fortificación, perfectamente acusada, divisándose a la misma mano y como a un tiro de fusil, el castro de

Montecelo, perenne vigilante de esa ría de ensueño, cual es la brigantina, a cuyas tranquilas aguas, pleno de gozo y ufanía, se asoma con su barroco ropaje, el venerable Pazo de Mariñán, recoleta morada tiempos atrás de muy significadas familias galaicas.

De la aldea de Leiras pasaba la famosa ruta a Carrio, y de aquí al sugestivo caserío de Miodelo, siguiendo en este último tramo el trazado de la actual carretera de Sada a Betanzos. Desde dicho punto torcía hacia la derecha, penetrando en la feligresía de Santa María de Pontellas, perteneciente al municipio brigantino, después de cruzar el ya mencionado río Randulphi, de muy exiguo caudal en este lugar. En terreno elevado y no muy lejos del camino, encuéntrase el templo correspondiente a la citada parroquia, humildísimo, de estilo románico rural, alterado en gran parte por las reformas llevadas a cabo en diversas épocas. Es de indudable interés una imagen de la Virgen titular, medieval, tallada en madera y policromada, que allá se venera y de la que nos hemos ocupado, en rápida nota, en el primer número del Anuario Brigantino.

Seguidamente a Sra. Alcaldesa di: traemos esta moción por ser unha petición do Concello de Betanzos e tamén pola súa relación con Bergondo, familiar, se se me permite, e, sobre todo, porque tamén tivo en conta a Bergondo na súa obra como ben se recolle no Anexo.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as trece concelleiros/as asistentes, que forman a totalidade da Corporación, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

8.- ASUNTOS URXENTES

Seguidamente a Sra. alcaldesa pregunta ós voceiros dos grupos políticos se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do Día que acompañaba a esta convocatoria.

A Sra. voceira do PP manifesta que o seu Grupo presenta unha Moción para a ampliación dos cemiterios de Bergondo e Guísamo; xustifica a súa urxencia na demanda dos veciños de ter que enterrar aos seus familiares en panteóns doutros veciños ou familiares.

Sometida a votación a urxencia deste asunto, o Pleno Municipal, por unanimidade dos trece concelleiros asistentes, que constitúen a totalidade da Corporación, declara a súa urxencia, pasando seguidamente a debatelos.

A Sra. voceira da lectura á moción presentada.

8.1.- MOCION DO PARTIDO POPULAR DE BERGONDO PARA A AMPLIACIÓN DOS CEMITERIOS DE BERGONDO

“O grupo municipal do partido popular, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta ante Pleno da Corporación municipal esta moción, con base nos motivos e consideracións desenvolvidos na seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

- 1. Os veciños de Bergondo veñen reclamando dende fai tempo a necesidade da ampliación dos cemiterios ante a falta de panteóns.*
- 2. Tanto no cemiterio de Guísamo como no de Bergondo dispoñemos de terreos para proceder a dita ampliación polo tanto non hai que facer ningunha inversión na compra dos terreos.*

3. *Despois de varias reunións na delegación territorial de sanidade e na de medio ambiente e analizar cada caso non hai nada que impida a ampliación, simplemente hai que regularizar o xa existente adaptándoo á Lei de policía mortuoria para que se faga un recoñecemento das ampliación realizadas no seu momento xa que non se pode ampliar algo que non existe como tal.*

(en Bergondo a parte ampliada consta no catastro como uso agrario e a de Guísamo como chan sen edificar, obras de urbanización e xardinería xa que non se fixeron os tramites necesarios para dar de alta as ampliacións realizadas)

4. *Crear unhas bases para que se lle de prioridade de compra os veciños do noso concello e así evitar a especulación, tales como ter vivenda habitual en Bergondo e levar empadroados certo tempo. en base a isto solicitamos:*

1.- *A regularización das ampliacións feitas nos cemiterios municipais de Guísamo e Bergondo adaptándoos á lei de policía mortuoria.*

2.- *A creación de novos panteóns nos terreos municipais existentes en ditos cementerios.*

Bergondo a 16 de abril de 2012.= portavoz PP Bergondo= Antonia Maria Sanjurjo Seijas”

Continua a Sra. voceira do PP: o outro día vostede dicía que as ampliacións executadas polo Partido Popular na década dos noventa foron realizadas de maneira totalmente irregular, e que non era viable ampliar os camposantos como se fixo entón. Tamén consideraba vostede inaudito que o Partido Popular lle critique por un asunto provocado por un goberno da súa mesma cor de forma totalmente irregular, e que provocou un problema aos veciños do municipio.

Tamén asegura vostede que a portavoz do PP, o sexa eu, sigo sen entearme do funcionamento da administración local, pois mire Sra. alcaldesa, todo o que existe neste ayuntamiento o fixo o Partido Popular, e o fixo nunha época na que os servizos dos que dispoñía este concello eran moi precarios; non tiñamos técnico de emprego, non tiñamos xurista asesor de urbanismo, non tiñamos arquitecto municipal, e case me atrevo a dicir que nin sequera tiñamos aparelador municipal. A normativa tampouco era tan clara nin a tiñamos ao noso alcance como a ten vostede hoxe.

Tampouco o grupo municipal popular cando gobernaba este ayuntamiento, tiña dedicacións exclusivas nin parciais, nin recibía retribucións do erario público, e aínda así, con todas as carencias formativas, buscaban solucións aos requirimentos dos veciños, os momentos eran os que eran e o asesoramento era nulo ou moi escaso, pero a súa vontade non tiña límites, xusto o contrario do que ocorre agora.

Desde o ano noventa e nove, que vostedes inauguraron a gardería, da que levamos case toda a tarde de hoxe falando, e, que casualidade, segundo a cartografía do catastro a 16 de abril de 2012, tampouco existe; di terreo de 2394 metros, solo sen edificar. A Senra, 9177 metros en ruína, tamén de solo sen edificar, obras entregadas no 2008; podería enumerarlle moitos mais edificios que están igual de ilegais que os cemiterios. Creo que vostede, que leva doce anos no goberno, todo iso que era ilegal tivo tempo de darlle forma, mais que nada porque tanto vostede como o seu antecesor tiñan unha formación académica moi superior aos gobernantes antigos, e ten tamén un equipo moi completo de asesores.

De todos modos, eu quero esquecerme de todo isto; todos coñecemos as necesidades que teñen os nosos veciños, vostede mesma no seu programa electoral levaba o facer un cemiterio a través do Plan Xeral, que iso para esta lexislatura non vai ser fixo, entón, eu quero invitalles a todos de que participen da nosa moción, a vostede porque segundo o que aquí dixi penso que cree que realmente fai falta un cemiterio en Bergondo; a Veciños de Bergondo porque sabemos que o mesmo que o Partido Popular, noutras ocasións intentou presentar unha moción e penso que todos cremos que hai esa necesidade, unamos esforzos, busquémoslle a mellor solución entre todos, e cos asesoramentos dos nosos servizos técnicos intentemos amaño, o que tamén fixeron outros concellos.

Sra. alcaldesa: vostede di, por noticias que saíron o outro día en prensa, aquilo de que a portavoz do Partido Popular non se entera; non era referido ao tema dos cemiterios, o no se entera, e a prensa o pon moitas veces, era referido a que vostede comentaba nunha edición dixital da *Voz de Galicia*, nunha nota de prensa, que se lle comunicara con vinte e catro horas de antelación a información da escola infantil, e que se lle dera esa

información tan importante para un Pleno en vinte e catro horas; dicíalle eu que iso era incorrecto xa que o Pleno é hoxe e esa documentación estaba ao seu dispor o martes da semana pasada, de aí viña o tema de que parecía que había algo que non estaba de todo correcto.

O meu antecesor, e eu mesma, temos comentado con respecto aos cemiterios, e eu dígollo a calquera veciño que ven pola porta, que o que se fixo naquel momento foi coa mellor das vontades, e xamais critiquei nese senso, nin pública nin privadamente, aquela xestión, porque sei que se fixo coa mellor vontade e cos medios que se tiñan. Entón, nese senso non ía, o que si me estraña e que precisamente agora intenten armar rebumbio de algo que se fixo mal, xa digo que coa mellor das vontades, porque isto mesmo estará recollido nas actas cando se presentaron mocións por parte, naquel momento, de Veciños de Bergondo, e eu o dixen claramente, non era unha crítica porque sabía das circunstancias que había naquel momento.

¿Formación académica?, mire Sra. concelleira, cada un pon nas listas a quen considera, se o antecesor o outro tiñan outra formación e os concelleiros tamén, cada un elixe a quen quere poñer, e por favor non vaíamos a se tiñan ou non persoal municipal, porque de feito non o tiñan porque non querían; ou se tiñan un aparelador, ou non o tiñan; a praza a convocou naquel momento o Partido Popular, e o arquitecto técnico municipal entrou neste concello antes de que entrara a gobernar o Partido Socialista en coalición co BNG, foi no ano 1999, e, efectivamente, aquilo era unha carencia absoluta, e non se tiña porque non se quería, tampouco entramos niso, e paréceme unha burrada, falando así de claro e entrecomiñado, que sexan vostedes agora os que vaian aí, se non había era porque non tiveron vostedes vontade e porque pensaban que non era necesario, pois cada un que apande co que teña.

Refírese vostede tamén ao Catastro, que non é mais que un listado fiscal, non significa mais de quen paga unha contribución ou non; a propiedade tampouco a acredita o feito de que estea no Catastro.

Vostede di que todos temos vontade de que hai que regularizar os cemiterios, ben, o partido socialista así o fixo e así o reflectiu no seu momento no programa electoral, pensando que a mellor solución para Bergondo é a creación dun cemiterio municipal, porque se eu repaso a súa moción, se son de Lubre ou son de Vixoi xa me sinto un pouco escamada de que soamente se fale da necesidade de cemiterios en Guísamo e Bergondo, a min polo menos chegaronme reclamacións tanto dos veciños de Lubre como dos de Vixoi, entendo que a situación das parcelas non é a mesma pero se hai que regularizar pódese regularizar. Temos terreos en Guísamo e en Bergondo, non hai que facer ningunha inversión, iso si que é certo.

Despois das reunións en Sanidade lles dixeron a todo que si, estrañame que no cemiterio de Guísamo se permita facer mais de nichos cando a Lei de policía mortuoria di que teñen que estar a cincuenta metros de vivendas, so digo que me estraña sen entrar en detalles de posibles excepcións.

Di vostede que se creen unhas bases para darlles prioridade de compra aos veciños de Bergondo, isto vai en consonancia co que vostede dicía, non o podemos facer, eu sei que se iso se houbera feito no seu momento ao mellor non estabamos neste caso que estamos agora.

Recalco o de compra, porque algo que no seu momento tamén se fixo mal foi vender, os nichos non se poden vender, faise unha concesión sobre eles, que ó mellor acaba sendo a perpetuidade, porque son cincuenta anos e ó mellor despois outros cincuenta. Non se pode vender iso, foi o que se plantexou mal desde o inicio, e ao día de hoxe encontrámonos cun terreo comprado polo concello con nichos, e iso non é un cemiterio municipal, porque un cemiterio municipal está xestionado polo concello, eses cemiterios están xestionados pola Igrexa; non están xestionados polo concello nin directa nin indirectamente, non hai persoal municipal ao servizo deses cemiterios, o concello non ten información de quen está enterrado en cada nicho. É dicir, nos estamos de acordo en regularizar esas ampliacións xa feitas, o de crear novos panteóns nos terreos municipais existentes ao día de hoxe non é factible, poderíamos acabar estudando a posibilidade do de Bergondo, nos outros sería bastante complicado.

É certo que temos que regularizar a situación anterior, e estará vostede de acordo comigo en que se en Bergondo ten que haber un cemiterio municipal terá que ser un, por moito que aos veciños das diferentes parroquias lles afecte e non queiran enterrarse mais que na súa, porque non pode haber nove cemiterios municipais como nove parroquias hai no concello.

A vontade de amañar esta situación témola, ben sexa chegando a un acordo coa Igrexa de forma que se fixera cargo tamén dos cemiterios actuais, cunhas determinadas condicións obviamente, porque non todo o

mundo ten a mesma confesión, é dicir, pode haber diferentes fórmulas, pero ao día de hoxe o que temos que ter claro é que para comezar, que iso non é un cemiterio municipal.

Polo tanto, nós nestes termos, o partido socialista, votamos en contra da moción, entendendo que non é posible aprobala, si é posible intentar adaptar e regularizar as ampliacións que se fixeron no seu momento.

Sra. voceira do PP: penso que debería poder contestarlle a todo o que vostede me dixo, pero vou ir moito de pasada. Non estou armando rebumbio, isto levase pedindo moitos anos.

A escola infantil, vostede dixo que habería que telo resolto para a Comisión porque isto había que aprobalo, vostede na Comisión quería saber as propostas, co cal, non eran vinte catro horas, equivoqueime de día, era martes e pensei que era mércores, corenta e oito horas, pero para a Comisión tiñamos que traernos todo isto ben estudadiño porque era a única posibilidade de facer algún tipo de alegación, nada mais.

En canto á formación académica, non estou falando da xente que está aquí sentada nin de ningún grupo, simplemente estoulle dicindo que me está vostede a falar do ano noventa e oito e noventa e nove, e o único que lle estou a dicir e que nin había formación a académica que podemos ter hoxe todos nós, vostede mesma, nin a xente que estaba a tiña, nin os técnicos que existían; xa sei que había un aparelador municipal, o único, que debe ser do noventa e dous ou noventa e catro, pero non había ninguén mais; non había ningún tipo de asesoramento, tiñamos un secretario e tiñamos un aparelador municipal, ninguén mais para todo o concello.

O catastro é unha mera lista, mire, aquí está a gardería e isto é o que hai no catastro (a Sra. voceira ensina un documento cun plano); se eu estou na obriga coa miña casa a pedir licenza, a dala de alta, a rexistrala, e a tela no catastro, o concello debería dar exemplo, non se pode exixir o que non se cumpre.

Polo demais, nos estamos intentando que se legalicen os cemiterios, sexan municipais ou o que sexan; que se fagan nichos, que a xente se quere enterrar, efectivamente hai mais dunha confesión e tamén hai moita xente que non se quere enterrar, pero aquí polo que temos que velar e polo que solicita a maioría dos nosos veciños, e a maioría quere un nicho nun cemiterio que sexa municipal ou o que sexa, queren enterrarse. Creo que a nosa obriga é que, se temos posibilidades, facilitárllelo.

Sra. alcaldesa: e con iso non está contradicindo o que eu dixen, excepto o que eu lle volvo a recalcar, que ao día de hoxe non hai cemiterios municipais, co cal, se non hai un cemiterio municipal non se pode facer unha ampliación. No resto podemos estar de acordo, que as peticións dos veciños van por aí.

Sra. voceira do PP: entón, ¿como lle chama vostede aos cemiterios existentes?.

Sra. alcaldesa: acábollelo de dicir, non son cemiterios a nivel xurídico e legal, son un terreo que ten nichos, non é un cemiterio municipal porque non está xestionado polo concello.

Sra. voceira do PP: entón legalicémolo.

Sra. alcaldesa: niso estamos de acordo.

Toma a palabra o Sr. voceiro do BNG: non me vou remontar tanto, pero en calquera caso, escasos de recursos coma Bergondo comezaron todos os concellos, uns xestionaron mellor e fixeron mellor as cousas e outros peor.

No único que estamos de acordo da moción do Partido Popular é en que si que é certo que é unha demanda veciñal, e que como demanda veciñal hai que darlle resposta, pero o problema é mais profundo que isto; primeiro hai que ter unha visión global do concello, hai que dar resposta a todo o concello e non hai que improvisar mais cousas das que xa están. Tamén dicir que, para o goberno, este é un problema que en doce anos non se afrontou e hai que afrontalo, deixándoo aí non se vai solucionar solo, será difícil pero hai que poñerse a solucionalo.

É mais complexo que o dos cincuenta metros cadrados da Lei de policía mortuoria; eu non sei como se vai ampliar o de Lubre, se é indispensable cumprir o dos cincuenta metros non se podería ampliar, haberá que estudar se se pode facer excepcións ou non; en Vixoi, nese aspecto, si que podería ser.

Tamén quero dicir que o tema da xestión paréceme importante, aquí o Concello de Bergondo con cartos públicos comprou terreos que os xestiona a Igrexa, eu a iso négome; os terreos públicos deber ser xestionados publicamente, non regalarlle os terreos para que a Igrexa o faga; daquela nos votamos en contra disto.

Entendo que recolle unha demanda veciñal que hai en todas as parroquias, estou a favor de sentarse a solucionar o problema desde o principio e tendo en conta todos estes factores que dicimos. O que hai agora non son cemiterios municipais, os cemiterios municipais teñen un regulamento, teñen unhas taxas, teñen un persoal do concello, ou teñen unha concesión para unha xestión indirecta, polo tanto, eu si que digo, non ha que deixar isto no caixón e hai que poñerse a traballar, iso é no que estamos de acordo. O de ampliar Guísamo e Bergondo, agora así a *bote pronto*, nós non imos votar a favor.

Seguidamente toma a palabra o Sr. voceiro de VB e di: como saben esta moción presentámola nós hai tres anos, rexeitáranola o Partido Popular e o Socialista.

Como todos saben son o concelleiro de infraestruturas e desde setembro estamos intentando, xunto coa Alcaldía, ver que facemos cos cemiterios, isto non xurde agora, polo tanto eu voulle propoñer ao Partido Popular un cambio na moción para que poida ser aprobada, que o texto sexa Moción do Partido Popular para ampliación ou creación de nichos en Bergondo, e o obxectivo final debería ser que o concello sexa o garante da creación de nichos en Bergondo; e dicir, o concello agora mesmo está traballando nunha fórmula para saber que é o que temos e que é o que podemos regularizar, e a partir de aí facer unha proposta para a creación de nichos, ben sexa municipal ou coa xestión doutra entidade, pero o que si é importante, deixando aparte a parte lexislativa e a xurídica, que o que temos aí son cemiterios e enterramos xente, xuridicamente serán terreos con mortos sen concesión administrativa, legalmente para os nosos veciños é onde enterramos aos nosos mortos; entón, o que hai que facer é traballar.

Para aprobar esta moción debemos incluír ás nove parroquias, polo tanto eu propoño ao Partido Popular retirar o de Bergondo e Guísamo e no final que se propoña que o concello sexa garante para leva a cabo esta proposta.

Sra. alcaldesa: o Partido socialista estaría a favor porque non se está a falar de ningún cemiterio en concreto, estamos falando de cemiterio de Bergondo sexa de maneira individualizada ou sexa ampliando algún dos existentes; recóllese a vontade de facer nichos en xeral pero non especificando cemiterios en concreto.

Sra. voceira do PP: remitímonos en principio a estes dous porque no cemiterio de Bergondo temos unha parcela onde hai dúas filas de nichos e aí temos a certeza de que unha vez legalizada a outra parte, pódese seguir construíndo.

No cemiterio de Guísamo parece que tamén hai unha posibilidade de ampliación, moi pequena, pero hai unha posibilidade. O resto si que están mais complicados neste momento.

Sra. alcaldesa: o de Vixoi por distancias non; outro tema sería a cualificación ao día de hoxe do solo que iso tamén é algo fundamental.

Sra. voceira do PP: por dispoñibilidade de terreos, polo que sexa.

Sra. alcaldesa: por distancias é mais viable en Vixoi que en Guísamo, por iso eu insisto en non concretar nos diferentes cemiterios.

Sra. voceira do PP: nos queremos facer chegar a demanda dos veciños, queremos que se legalicen os cemiterios, todos os que se poidan; creo que os técnicos son os que se teñen que poñer a traballar e por algún haberá que empezar, non é que nos queiramos deixar fora ningunha parroquia. Tampouco temos inconveniente en que na moción se reflicte con carácter xeral en todos os cemiterios.

Sra. alcaldesa: ou un cemiterio municipal

Sra. voceira do PP: ou un cemiterio municipal, pero é que de momento temos un problema que resolver que non pode esperar polo Plan Xeral, que leva doce ou non sei cantos anos que non se da resolto.

Sra. alcaldesa: pero estará vostede de acordo comigo que o primeiro que habería que facer é unha modificación puntual das Normas, e iso é como tramitar, entre comiñas, un Plan.

Sra. voceira do PP: como vostede ben dixo iso íámolo facer, fai un ano tivemos unha reunión na que nos contaron unha historia porque non tiñamos Plan, non avanzamos, o Plan non vai para adiante e xente segue morrendo.

Sr. voceiro do BNG: nos estamos de acordo se é unha proposta de vontade de traballar sobre o tema en xeral, de ir traballando sobre o papel, se todos estamos de acordo en que hai que resolver un problema, pois hai que

poñerse a traballar. Creo que non estamos aquí para aprobar boas vontades, o que si estamos de acordo que se aprobe é afrontar o problema.

Sra. alcaldesa: en todo caso depende do Partido Popular se retira o de Guísamo e Bergondo.

Sra. voceira do PP: entón ímoslle a chamar *Moción para a ampliación dos cemiterios de Bergondo*.

Sr. voceiro de VB: e no texto, que o concello sexa garante da creación de nichos en Bergondo, iso o que da é a lexitimidade de que estamos traballando niso, e que en breve algo teremos que dicir. Ademais, como concelleiro de infraestruturas, xa lle digo que ten o meu compromiso.

Sra. voceira do PP: vale, no punto un, regularización das ampliacións feitas nos cemiterios adaptándoos á Lei.

Sra. alcaldesa: si, a regularización das ampliacións sempre que sexa posible, obviamente.

Sra. voceira do PP: obviamente o que non se pode facer non se pode facer, pero se o resto dos concellos poden, ¿por que nós non?. O segundo punto, creacións de novos panteóns.

Sr. voceiro de VB: eu diría, que o concello sexa garante de creación de novos nichos, e con iso englobamos a parte legal e o compromiso do equipo de goberno.

Sra. alcaldesa: eu quitaría na parte de exposición de motivos o de darlle prioridade de compra, porque non pode haber compra como tal, e, ademais, xa sei que isto non é xusto, para os veciños que sexan de Bergondo, pero o que non é legal non pode ser.

Sr. voceiro do BNG: eu quero saber como queda o texto ao final, porque o de garante ¿a que se refire? ¿garante de?.

Sr. voceiro de VB: refírese a que o concello vai poñer todo o necesario, que garante a creación de novos nichos; a parte legal, que é ver como están xuridicamente e que se pode facer, e, despois a parte construtiva que é a parte final para que isto se leve a cabo.

Sr. voceiro do BNG: paréceme ben, pero é unha redundancia, todo o que faga o concello, en teoría, se supón que vai ser legal.

O Sr. secretario da lectura á parte dispositiva da moción modificada, que quedaría do seguinte xeito:

- 1.- A regularización das ampliacións feitas nos cemiterios de Bergondo adaptándoos á Lei.
2. Que o Concello de Bergondo garante a creación de novos nichos.

Logo das modificacións indicadas, trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as trece concelleiros/as asistentes, que forman a totalidade da Corporación, aproban a moción..

Seguidamente o Sr. voceiro do BNG manifesta que o seu Grupo presenta unha Moción para o mantemento do Servizo de Axuda no Fogar; xustifica a súa urxencia en que, a Xunta de Galicia aprobou o 16 de marzo un Decreto que cambia substancialmente as condicións nas que se pode prestar este servizo nos concellos de menos de vinte mil habitantes.

Sometida a votación a urxencia deste asunto, o Pleno Municipal, por unanimidade dos trece concelleiros asistentes, que constitúen a totalidade da Corporación, declara a súa urxencia, pasando seguidamente a debatelos.

o Sr. voceiro do BNG da lectura á moción presentada.

8.2. MOCION DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO DE BERGONDO, PARA O MANTEMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno do PP na Xunta de Galicia acaba de publicar o decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. No mesmo establécese que o Servizo de

Axuda no Fogar é un servizo social comunitario básico de carácter público que debe ser garantido polos concellos. Tamén regula o financiamento do conxunto dos servizos sociais comunitarios e concretamente no que se refire aos gastos derivados da prestación do Servizo de Axuda no Fogar Básico soamente financiará ás corporacións locais de 20.000 ou máis habitantes, onde só financiará ao traballador/a social. Deste xeito, a inmensa maioría dos concellos galegos, que son os que contan con menos de 20.000 habitantes, van ser excluídos das axudas que ata o de agora viñan recibindo da administración galega.

As axudas da Xunta aos servizos sociais comunitarios xa foron recortadas os anos 2010 e 2011, especialmente no que se refire ao Servizo de Axuda no Fogar. O Plan de 2011 dispoñía de preto de 24 millóns de euros para as prestacións sociais básicas, servizos sociais comunitarios e plan de desenvolvemento xitano, e o goberno do PP os recortou en 2,4 millóns de euros.

Para este ano 2012, o plan concertado quedou na metade, en 12,4 millóns de euros. As partidas do programa de servizos sociais comunitarios foron eliminadas e o plan de desenvolvemento xitano ten unha partida simbólica de pouco máis de 100.000 euros.

O decreto publicado vén a corroborar que o goberno do PP na Xunta de Galicia se desentende por completo dos servizos sociais comunitarios nos concellos de menos de 20.000 habitantes, en especial do Servizo de Axuda no Fogar Básico, o que obrigará no mellor dos casos aos concellos a financiar estes servizos e aos usuarios e usuarias a pagar máis nas súas aportacións como copago, ou no peor dos casos a que os servizos desaparezan e só se manteñan para as persoas dependentes coa prestación asignada no seu Plan Individual de Atención.

O propio decreto establece que as Deputacións terán que prestar axuda económica e técnica aos concellos de menos de 20.000 habitantes. Non obstante, non as obriga con cantidades nin porcentaxes. En cambio obriga aos concellos a aumentar o 20% para os concellos de menos de 20.000 habitantes, o 25% para os de 20.000 até 60.000 e o 33% para os de 60.000 ou máis habitantes.

Compre salientar que o Servizo de Axuda no Fogar Básico ou de libre concorrência é ao que teñen que recorrer as persoas con problemas de desestruturación familiar, casos de enfermidade aguda tras alta hospitalaria, persoas en situación de dependencia aínda non valoradas, persoas en situación de dependencia valorada e con dereito pero que non teñen o acceso ao Servizo de Axuda no Fogar ou outra prestación asignada (por estar en lista de espera que hoxe en Galicia supera as 27.000 persoas).

O que se pretende con este decreto é trasladarlle aos concellos unha competencia, facer unha descentralización administrativa, pero sen financiamento, onde a Xunta de Galicia abdica das súas competencias para impoñerlle aos Concellos que poñan a disposición da Xunta as dependencias municipais, asumindo todos os custes, a xestión de todos os sistemas informáticos e as horas de traballo do persoal do Concello, para facerse cargo do Servizo de Axuda no Fogar Básico.

A Xunta de Galicia debe asumir as súas competencias e garantir uns servizos sociais comunitarios acorde coas necesidades da poboación. E garantir e xestionar un servizo público básico que debe chegar en igualdade de calidade e dereitos a todos os galegos e galegas independentemente do concello onde vivan, como acontece coa sanidade e co ensino.

Se non se fai así as consecuencias van ser moi graves. En primeiro lugar para as persoas usuarias do servizo, en segundo lugar para as xa depauperadas arcas municipais e para os traballadores e traballadoras que realizan este servizo xa que perderán o seu emprego, pasando a incrementar a alta taxa de desemprego existente.

O mesmo decreto tamén establece unha nova regulación da participación económica das persoas usuarias no custe do Servizo de Axuda no Fogar que incrementa de xeito substancial en case todos os tramos de renda o copago a realizar. Incrementos grandes para as persoas que teñen recoñecidas as prestacións por dependencia e aínda moito maiores para as que sen ter recoñecida a prestación están en grave situación de risco ou vulnerabilidade.

O goberno do PP na Xunta de Galicia ten a obriga de garantir o funcionamento do Sistema Galego de Servizos Sociais e con este decreto lesiona gravemente os dereitos das persoas e pon en grave risco o sistema de servizos sociais.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galicia a

a) Manter o financiamento dos gastos derivados da prestación do Servizo de Axuda no Fogar Básico ás corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, así como asegurar un financiamento equivalente ao de anos anteriores aos concellos de máis de 20.000 habitantes.

b) Contribuír economicamente ao mantemento da totalidade dos servizos sociais comunitarios dos concellos.

c) Non incrementar a participación económica das persoas usuarias no custe do Servizo de Axuda no Fogar.

d) Derrogar o decreto e negociar outro no marco da FEGAMP.

O Pleno acordará o que considere pertinente

Bergondo a 26 de abril de 2.012.=Concelleiro do Grupo Municipal do BNG.=Asdo. Juan Antonio Fariña Pedreira”

A continuación toma a palabra a Sra. alcaldesa e di: o grupo socialista vai apoiar esta moción, senón houberamos presentado outra en termos similares.

En Bergondo tamén diminuíu a axuda a través do Plan Concertado, de feito este ano tampouco se nos concedeu o Programa de prevención e inserción, este ano non foi subvencionado como en tantos outros concellos; soamente facer un apunte respecto que aquí poden sobrar cartos, non é que sobren, o que si ao mellor noutros concellos asumiron competencias que non eran propias deles, e este concello foi un pouco mais cauto, e neso queremos seguir, non asumindo competencias que non son nosas, como é o tema dos servizos sociais neste caso; cada un ten que asumir a competencia que lle toca.

A Xunta de Galicia non pode seguir recortando o que é a súa obriga, por moito que aos concellos de menos de vinte mil habitantes, sobre todo neste caso; e certo que na provincia da Coruña temos o compromiso de que será a Deputación a que asuma esa parte que non vai asumir a Xunta de Galicia, non sabemos ata cando, e dicir, non podemos estar pendentes de que un ano si outro ano no, e que se ano non apetece, ou non quero non o vou a facer.

E certo que no seu momento houbera unha modificación das taxas, xa que eran un pouco estrañas, considerábanse características que nós non tiñamos na anterior ordenanza municipal, aínda así o incremento para os usuarios vai ser tremendo, e as arcas municipais ímolo a notar, xa que ao día de hoxe, como ben di vostede, hai moitas persoas que teñen aprobado o Plan integrado pero non teñen aínda a resolución, e os estamos atendendo nós co Servizo de Axuda no Fogar básico, que é do propio concello. Por todo isto estamos de acordo con esta moción que presenta o BNG.

Seguidamente a Sra. voceira do PP manifesta: nos temos unha emenda, aínda que dou por feito que non lles vai a satisfacer, porque cremos que é totalmente falso que a Xunta deixe sen subvención para a axuda no fogar aos concellos de Galicia.

Como vostede ben dicía, a Xunta faise cargo dos concellos de mais de vinte mil habitantes e a Deputación dos de menos de vinte mil, se dubidamos do que din e cada vez que nos cambien unha cousa imos pensar que é para mal, non estaremos de acordo. A maiores todos aqueles concellos que teñan menos de vinte mil habitantes e se queiran agrupar, como vostedes fan para outras cousas, tamén o poden facer e optar ás axudas da Xunta.

A nosa emenda vai en instar á Xunta de que continúe financiado o Servizo de Axuda no Fogar para as persoas con dependencia dos traballadores de referencia na área social de todos os concellos de Galicia que superen os vinte mil habitantes, ou aqueles que coordinando servizos e presentando a solicitude sumen mais de vinte mil habitantes; instar á Deputación a que cumpra co establecido na Lei 5/1997 do 22 de xullo, da administración local de Galicia e na Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, prestando apoio técnico, económico e xurídico aos concellos, para que desenvolvan as competencias que lle son propias en materia de servizos sociais comunitarios.

Así mesmo, deberá manterse a necesaria colaboración e coordinación entre Xunta e Deputación, asegurando a Deputación da Coruña o financiamento do Servizo de Axuda no Fogar básico e do persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios básicos, con perfís profesionais diferentes e complementarios ao do traballador social de referencia, e para as corporacións locais dos concellos de menos de vinte mil habitantes.

Sra. alcaldesa: en referencia á agrupación, nós somos un exemplo de agrupar servizos sociais igual que nos agrupamos en calquera outro programa. O que está consorciado aquí no concello son os servizos sociais específicos, pero os básicos débense prestar no propio concello, non se tende a unha agrupación para estes servizos sociais que precisamente son os de primeira necesidade e son os que teñen que conceder os concellos, e estou completamente de acordo en agrupar noutro tipo de servizos como os que xa estamos sendo, de feito xa lle digo, podemos presumir de ter un bo servizo de servizos sociais específico a nivel de todo o Consorcio, só quería facer esa incidencia.

A continuación toma a palabra a Sra. concelleira de VB e di: para Veciños de Bergondo, entendemos que o actual goberno da Xunta está a levar a cabo determinados recortes no que supón unha política obrigada polas difíciles condicións económicas nas que lles tocou gobernar. Somos conscientes que dende o punto de vista de política social non é unha decisión fácil para ningún gobernante, de calquera cor, reducir o apoio económicos aos servizos que afectan directamente aos cidadáns; pero cando se toman ese tipo de medidas, entendemos que é porque veñen avaladas e precedidas por estudos serios que apuntan á necesidade de adoptalas, e que obrigan a un exercicio extremo de responsabilidade política para que xunto con outras que se adoptaron, e seguramente futuras que virán, nos axuden nun futuro no moi remoto a saír da situación na que nos atopamos.

En todo caso confiamos en que a obriga, non só legal senón política e social, referendada no Pacto Local na que se acorda a compensación financeira, leve a cabo e obligue á Xunta a cumprir, loxicamente, e a localizar e articular os mecanismos para que exista unha compensación financeira que non sobrecargue tanto á Administración local como parece que este Decreto pretende, e que, co apoio indispensable e seguramente continuo da Deputación que neste caso tennos que asistir, somos un concello de menos de vinte mil habitantes, podamos manter como mínimo a mesma calidade, e repercutir na medida do posible na mínima contía ese servizo que estamos prestando aos cidadáns.

Polo tanto, dentro do entendemento de todos estes elementos, cremos que Veciños de Bergondo debe votar abstención a esta moción.

Sr. voceiro do BNG: nós non imos apoiar a emenda do Partido Popular, porque este é un tema moito mais serio que contratar un axente de emprego local, non se fai así como calquera cousa.

Non son experto, non sei si consorciar este servizo melloraría a súa eficiencia, non o sei, penso que é un tema de estar bastante sobre o terreo, e o de estar sobre o terreo en cada concello axuda bastante, pero, xa digo, non son experto.

Poderíamos estar de acordo incluso, se a Deputación asume estas competencias que veña acompañada dunha proposta de financiamento, porque neste caso as boas vontades non funcionan, hai que ter cartos para financiar o servizo, e a Deputación que gasta o setenta por cento en gastos fixos de persoal e solo destina o trinta por cento a inversións, non sei de onde vai sacar para financiar isto; non está definido, senón estaríamos a falar doutra cousa. Polo tanto, é simplemente un recorte puro e duro.

Claro que é unha situación económica difícil, pero para saír dunha situación económica difícil hai outras medidas que non sempre recortarlles aos que menos teñen, e ás persoas con situacións de dependencia, pódese cambiar o sistema tributario español para que paguen mais as fortunas mais altas, pódese loitar contra o fraude fiscal para que as grandes empresas non defrauden como o están a facer, o Sr. Emilio Botín, etc., pódese recortar en gasto militar, pero non, aquí estase a recortar en sanidade, en educación e en servizos sociais. É mentira que sexa a única solución, recortar e recortar, todo o contrario, xa estamos vendo noutros países europeos que a austeridade e os recortes traen mais débeda, Grecia está mais endebedada que antes do primeiro rescate. Isto dos recortes é unha escusa para privatizar servizos e para aumentar as desigualdades

entre a xente. Ademais digo unha cousa, cando o bipartito deixou a Xunta, porque aquí sóltanse as cousas moi á lixeira pero hai que dar datos, segundo o Banco de España a débeda de Xunta de Galicia representaba o 7,7 por cento do PIB galego, e agora, co o austero Sr. Feijoo, representa xa o 12 por cento, xa superou os sete mil millóns de euros, case aumentou un 60 por cento.

Polo tanto nos estamos en contra, incluso no ano 2008 estabamos aínda comezando a poñer en pé un sistema de servizos sociais minimamente digno, non se chegou a atender a terceira parte dos dependentes, pero hai que ir nese camiño incluso para mellorar a competitividade da economía. Unha economía non pode ser competitiva senón hai garderías públicas, senón se pode coidar das persoas dependentes, porque iso tamén reduce a competitividade, polo tanto eu creo que é importante que os concellos como Bergondo se planten diante destes recortes, aparte de tratar os problemas doutro tipo de infraestruturas, este é un tema vital onde se atende moita xente.

Ademais é unha inxustiza, porque se embarcou aos concellos nunha serie de cousas e agora dun día para outro déixanos sen financiamento; aquí se contratou a xente, contratouse a unha empresa, e dun día para outro, cun Decreto, recórtase. Non apoiamos a emenda do Partido Popular.

Sra. alcaldesa: por parte do Partido socialista tampouco se apoia a emenda, basicamente polos motivos xa dito polo voceiro do BNG.

Eu tamén espero que algún día esa compensación do Pacto Local, pola que levamos loitando anos e anos a través da Fegamp, se faga efectiva, pero ao día de hoxe aínda segue sendo complicado, a pesar de que o presidente da Fegamp é da mesma cor política que o presidente da Xunta e parece que iso aínda nos está a separar mais.

O Concello de Bergondo, no seu momento, fixo unha inversión importantísima e apostou claramente polos servizos sociais, o dixemos aquí cando todos aprobamos iniciar o proceso da adxudicación da contratación dunha empresa de axuda para cumprir coa Lei de dependencia, e sabiamos que iso ía repercutir nas arcas municipais, aínda así estamos a facer ese esforzo fundamental e prioritario; mais de oitocentos mil euros no ano 2011 foron gastados en servizos sociais nun concello como Bergondo, pero aínda así o esforzo que ten que facer este concello ten que ter ese premio por parte da Xunta, que é quen ten as competencias; polo tanto votamos a favor da moción do BNG.

A continuación procedese á votación a moción presentada polo BNG, que tivo o seguinte resultado:

Grupo municipal Socialista: catro (4) votos a favor; Grupo municipal Veciños de Bergondo: dúas (2) abstencións; Grupo municipal do Partido Popular: cinco (5) votos en contra; Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: dous (2) a favor.

Total: seis (6) votos a favor, cinco (5) en contra e dúas (2) abstencións.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobada**, por maioría de votos a favor, a Moción antes transcrita.

9.- DECRETOS E RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

A continuación pola Sra. alcaldesa, en cumprimento do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/86 de 28 de novembro (ROF), dáse conta á Corporación dos Decretos e Resolucións adoptadas desde o 26 de marzo ata o 20 de abril de 2012, numerados do 151/2012 ó 225/2012. O Pleno queda enterado.

10.- ROGOS E PREGUNTAS.

Antes de dar paso os rogos e preguntas, a Sra. voceira do PP pregunta con respecto ao Decreto 223, de concesión dunha Comisión do Servizo no Concello de Sada a un axente da policía local.

Sra. alcaldesa: tiña pensado dar conta disto despois. A partir do un de maio, o policía local José Pérez Louro prestará servizo no Concello de Sada, en Comisión de servizo por un ano. Somos conscientes de que iso diminúa a cadro de persoal da Policía Local de Bergondo, que xa non é moi ampla, pero o axente o solicitou e cremos que é unha mellora para el, e así nos fixo chegar o seu desexo; estamos abertos a que haxa unha Comisión de servizo noutro sentido.

O Grupo municipal do Partido Popular, presentou os seus Rogos e Preguntas o día 25 de abril, co núm. de rexistro de entrada: 2893; nalgúns dos rogos do escrito presentado aparecen fotografías das zonas ás que se fai referencia a solicitude. O Sr. concelleiro do dito grupo, Alberto Feijoo Rodríguez pasa a expoñelos:

ROGOS:

1.- Parroquia y lugar: Cortiñán, O Outeiro

Incidencia: Acondicionamiento del lavadero.

Continúa o Sr. concelleiro do PP: eu mais que seguir traendo, sería volver a reiterar que facer con eles, se algún merece a pena recuperalo, senón cales están en bo estado e cales merecen levalos arriba.

Sr. concelleiro de infraestruturas, F. Manuel Pardo Fafián: se queredes os revisamos cun pequeno grupo de traballo, invitamos ao BNG, sentámonos todos e vemos o que facemos.

Sr. concelleiro do PP: de acordo

2.- Parroquia y lugar: Guísamo, camino a la guardería de Guísamo

Incidencia: Hay un particular que inhabilita parcialmente el camino debido a la colocación de áridos, tractor, etc.

Se solicita la retirada de los mismos y el acondicionamiento del camino.

3.- Parroquia y lugar: O Caño, al lado del parque

Incidencia: Hay una furgoneta parada al lado del camino desde hace más de un año, se ha localizado al propietario, se conocen las causas y si es abandonado.

Sr. concelleiro de infraestruturas: está aparcada.

Sr. concelleiro do PP: o sexa, que se coñece ao propietario.

4.- Parroquia y lugar: Lubre, Viña, Campo Galán. Camiño desde Viña a Campo Galán.

Incidencia: Existe una antigua fuente de piedra con lavadero, conocido como “Fonte Galán”. Hace unos años se acondicionó, pero vuelve a estar cubierta de maleza.

Se solicita su limpieza y su posible reparación en caso de estar deteriorada.

5.- Parroquia y lugar: Vixoi, camiño desde Raxás, pasando por Trasdoval y hasta San Fiz.

Incidencia: Camino en mal estado.

Se solicita su acondicionamiento

Sra. alcaldesa: dese camiño, supoño que a Sra. voceira o saberá porque está na mesa de contratación, fíxose xa a proposta para a súa adxudicación na Xunta de Goberno, se é ese o camiño.

Sr. concelleiro do PP: puido haber un desfase entre a redacción dos rogos e a mesa de contratación.

6.- Parroquia y lugar: Guísamo. Dirección Guísamo-A Coruña N-VI, desvío desde N-VI hacia Santa Marta (enfrente Vinos Fariña).

Incidencia: Zona reparada anteriormente o donde se ejecutaron obras que actualmente se está hundiendo.

Se solicita su acondicionamiento.

Sra. alcaldesa: ¿esta vostede falando da N-VI, ou da outra estrada?.

Sr. concelleiro do PP: estamos a falar xusto do desvío, eu penso que é na N-VI porque as marxes son amplas. Xa sei que non se vai facer un expediente so por iso, pero se se vai facer algo nese punto, que quede rexistrado.

7.- Parroquia y lugar: Guísamo. Carretera de Guísamo a Santa Marta, a la altura de Aldea de Arriba.

Incidencia: Hay una finca que como no tiene cierre y está a mas altura que la carretera en época de lluvias cae tierra sobre la acera continuamente llegando, en algunas ocasiones a no permitir el paso.

Se solicita o la contención de las tierras o dejar el talud con una inclinación que impida el desmenuzamiento y arrastre de tierras sobre la acera.

8.- Parroquia y lugar: Guísamo. Carretera de Guísamo a Santa Marta, a la altura de Aldea de Arriba.

Incidencia: Faltan varias plaquetas a lo largo de la acera en distintos puntos.

Se solicita la reposición de las mismas.

9.- Parroquia y lugar: Guísamo. Carretera de Guísamo a Santa Marta, en frente a la antigua taberna de Santa Marta.

Incidencia: Hay un camino que, supuestamente, es público y que antes tenía salida a la carretera de Ferrol, pero desde que hicieron las obras para el alcantarillado lo han dejado sin arreglar y sin limpiar con lo cual se está cerrando la maleza.

Se solicita la limpieza.

Sra. alcaldesa: si é municipal.

Sr. concelleiro do PP: entendiamos que si era, porque se desbrozara no seu momento.

Sra. alcaldesa: é o que consideramos como público, a pesar de que non haxa inventario de camiños.

Sr. concelleiro do PP: hai outro camiño mais adiante que fai a mesma conexión, entón valorar se merece a pena mantelo, iso si, coidar que a maleza non invada as fincas colindantes.

10.- Parroquia y lugar: El Curro.

Incidencia: El lavadero (en el Curro) está inaccesible e invisible debido a la maleza.

Se solicita la limpieza.

11.- Parroquia y lugar: La carretera que sube a Babío, justo enfrente del camino del camping.

Incidencia: La carretera tiene diversos baches pero especialmente donde comienza la pendiente.

Se solicita rebacheo.

Sra. alcaldesa: iso foi a consecuencia da ruptura dunha tubaria que fixo que incluso os veciños da zona estiveran sen auga horas; aínda se vai asentando.

Sr. concelleiro do PP: con previsión de amañalo en canto acabe de asentar.

Sr. concelleiro de infraestruturas: foi unha ruptura moi importante e se desfixo bastante coa auga.

12.- Parroquia y lugar: Santa Marta.

Incidencia: La señal que está junto a la capilla y que señala la salida hacia Puente deume/Ferrol ya no se ve lo que pone.

Se solicita cambio de señal o reparación de la misma.

PREGUNTAS:

1.- ¿Cuándo se tiene previsto el acondicionamiento del firme en el camino de la Casa de la Cultura y en travesía de San Isidro?.

Sra. alcaldesa: seguramente no próximo mes.

Sr. concelleiro de infraestruturas: estamos acabando de facer o saneamento na parte mas abaixo cara San Isidro, e xa case están todos os veciños conectados, en canto rematemos comezamos a asfaltar, un mes mais ou menos.

Sr. concelleiro do PP: ¿a finais de maio?

Sr. concelleiro de infraestruturas: xuño mais ben, depende do tempo.

2.- *En la ultimas participaciones electorales fueron muchos los vecinos que viven en la zona de O Marco, Raxas y Cortiñán, es decir, todo uno de los márgenes de la N-VI, que solicitaron acudir a la mesa de San Fiz en vez de a la de Cortiñán, perteneciendo muchos de ellos a San Fiz. ¿Es viable facilitarles el cambio?.*

Sra. alcaldesa: a nós tamén nos fixeron chegar esa demanda, o tiñamos pensado facer xa nestas próximas eleccións. No seu momento fixérase porque quedaban mais na marxe doutro lado, e por non ter que cruzar a N-VI, ese fora o motivo, pero a día de hoxe, dado que a maior parte da xente vai en coche, que podería quedarlle mais cerca o centro de Cortiñán, prefiren ir á súa zona de votación natural que é a escola.

Tamén cambiaremos o lugar de votación para onde está o actual local social, por aparcar moito mellor e non onde estaba a antiga escola. Faranse esas dúas modificacións de cara as próximas eleccións.

3.- *¿En qué estado está la replantación de árboles del campo de la iglesia de San Fiz y del acondicionamiento de los terrenos que rodean la iglesia?.*

Sra. alcaldesa: como vostede seguramente sabe, non son municipais; no seu momento trouxemos un proxecto e non se puidera certificar a dispoñibilidade dos terreos porque con aquel documento non era válido, aínda está sen aclararse esa situación legal en canto aos herdeiros; en canto eles o aclaren nos poderán facer esa doazón que era a vontade de todos.

Sr. concelleiro do PP: era por saber como estaba a situación, se se había transferido ou non, se había comunicación con eles.

Sra. alcaldesa: comunicación hai, pero á día de hoxe o teñen que aclarar entre todos os herdeiros que agora son mais que hai tres anos.

O Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, presentou as súas Rogos e Preguntas o día 22 de febreiro, co núm. de rexistro de entrada: 1289.

O Sr. voceiro do dito grupo, manifesta que antes de dar lectura ás presentadas para este pleno, vai dar lectura ás que quedaron pendentes do pleno anterior, do mes de marzo, que non foron presentadas por non asistir o seu grupo ao dito pleno.

ROGOS:

1) *Nos lugares de O Mato e Cangas hai unha serie de socavóns profundos nos camiños que, sen prexuízo doutras actuacións futuras, sería necesario tapar.*

Sr. concelleiro de infraestruturas: a semana pasada tivemos a reunión coa Asociación de Veciños e xa se lles informou que están incluídas nos bacheados de Cangas e O Mato eses ós que se refire vostede

2) *O camiño de entrada ao lugar de Babío (en fronte ao acceso do antigo camping) está en moi malas condicións. En concreto, a entrada está particularmente mal.*

Sr. voceiro do BNG: este é o mesmo que o do Partido Popular. Xa se lle deu resposta.

3) *Grabación de plenos. Trataríase de poñer a disposición dos veciños, a través da páxina web do concello, a grabación de cada pleno, unha vez celebrado este. Partimos da base de que non deberá haber causa técnica que o impidira nin se xeneraría custe algún adicional no proceso habitual de actualización da web. O beneficio de achegar aos bergondeses e bergondesas o que se trata nos plenos é evidente. As actas por si soas non son suficientes para achegar a información, debido fundamentalmente ao longo período de tempo que transcorre entre a celebración do pleno e a aprobación da acta correspondente.*

Sra. alcaldesa: mais que un problema técnico, podería dar lugar a equivocacións ou malinterpretacións tanto por parte dos concelleiros como por parte dos veciños, xa que non ten validez xurídica ningunha; o que ten validez é a acta unha vez aprobada, por iso se colga na páxina web, xa que, ademais, temos plenos mensuais estanse a colgar con mais axilidade que en anteriores lexislaturas, que pasaba algún tempo. Colgar as nosas voces na páxina web non ten validez ningunha.

Sr. voceiro do BNG: validez legal non, pero hai moitos concellos que teñen radio municipal e se retransmiten, e xa sabemos que non teñen validez legal, pero é para que a xente o escoito dunha maneira mais sinxela e que se enteren do que se di aquí, parécenos positivo.

Seguidamente o Sr. voceiro do BNG, pasa a dar conta dos rogos e preguntas presentados para este Pleno ordinario, son as seguintes:

ROGOS:

1) Nunha recente poda de árbores que realizaron operarios de FENOSA, ao longo de toda a parroquia de Santa Marta, deixaron as polas tiradas e sen recoller polos mais diversos lugares, ata o punto de que varios veciños se teñen queixado de atoparse polas no medio de camiños e que eles mesmos tiveron que baixar dos seus vehículos e proceder a retiralas. Débese instar a FENOSA a que ademais de podar, retire o podado, e que este proceder se aplique de igual modo a outras parroquias onde se teña pensado acometer este traballo.

Sr. concelleiro de infraestruturas: hai uns días recibimos unha chamada de que alguén, fronte a igrexa de Santa Marta, cortara unhas polas; foi alguén que cortou unha pola e en toda Santa Marta non vin mais, porque ese mesmo día estiven recorréndoa. O que si é certo que a liña de media tensión que vai de Vixoi a Raxás a limparon, non tiveron mais noticias de esa zona.

Sr. concelleiro do BNG, Juan A. Fariña Pedreira: isto foi o mércores da semana pasada, un día que chovía moitísimo e andaba un operario cunha máquina, a pé, cortando polas para liberar a liña.

Sr. concelleiro de infraestruturas: a obriga de Fenosa é limpar as liñas de alta e media tensión, incluso algunhas de acometida trifásica que sexan importantes. Por esa zona chamounos un veciño para dicir que estaba, non o dimos localizado e non o encontramos ningún sitio mais.

Sr. concelleiro do BNG: faláron varios veciños comigo, que se encontraban polas no medio de camiños porque este home cortaba e deixaba tirado, e algúns tiñan que baixarse do coche para retiralas ramas.

Sr. concelleiro de infraestruturas: se pode, déanos detalles dos sitios e se podemos identificar os postes que son e falamos con Fenosa, senón así non facemos nada.

Sr. concelleiro do BNG: perfecto.

2) Contrólese que a empresa concesionaria do servizo de axuda no fogar (SAF) cumpre co prego de condicións do contrato en relación coa súa relación laboral coas traballadoras.

Sr. voceiro do BNG: chegaronnos queixas, e se os datos que nos transmiten son certos están incumprindo co Convenio Colectivo que ten este persoal en varias cousas. Non é o noso cometido dicir se están cumprindo ou non, pero a obriga do concello cando se contratou este servizo, era vixiar que se cumpra.

Sra. alcaldesa: e así o establece o Prego, xa que teñen que pasar, ademais, unha serie de documentación, trimestral ou mensualmente, que se comproba. É certo que ao inicio houbo un período de adaptación e houbo varias traballadoras que fixeron unha queixa expresa no Rexistro do concello, a maior parte sen razón naquel momento. Á día de hoxe non temos constancia de que non estean cumprindo, nin que alguén estea sen cobrar; tampouco temos queixas dos usuarios, estamos pendentes deste tema porque estamos vendo o que está pasando noutros concellos arredor en canto aos cobros das traballadoras, porque solen ser mulleres, do SAF; estamos vixiantes.

Sr. voceiro do BNG: se os datos son certos, non se cobran as horas extras como se teñen que cobrar, non se dispón mais que dunha vestimenta e non dúas como establece o convenio colectivo, etc. O noso é chamar a atención de que se cumpra.

3) *Comécese a tramitación do “Inventario de camiños, fontes e lavadoiros do Concello de Bergondo”, segundo a moción presentada polo BNG e aprobada polo Pleno.*

PREGUNTAS:

1) *Quixéramos coñecer quen e por qué se tomou a decisión de utilizar aglomerado no arranxo dun camiño no Outeiro, incluído no “Proxecto de mellora de camiños en Ouces, Guísamo, Lubre e Moruxo”, incluído no POS 2011.*

Sra. alcaldesa: no POS de 2011 na zona de Outeiro ía un camiño en aglomerado, e está así; ese proxecto foi aprobado polo pleno en novembro de 2010, vostede pregunta porque se fixo así. En función das necesidades dos camiños, incluso en canto a vivendas, neste propio proxecto había uns camiños que ían en aglomerado e outros con regos asfálticos.

Sr. voceiro do BNG: había dous en aglomerado e un que, parece ser, que tecnicamente se xustificaba porque soportaba bastante tráfico, pero ¿este particularmente?

Sra. alcaldesa: este tamén porque tiña moitas vivendas arredor, de feito o que se fixo agora, despois do proxecto, foi cambiar o que vai en Cambade e en lugar de aglomerado o director de obra recomendou que, practicamente non hai vivendas, e que era unha pena facelo en aglomerado e meteuse rego asfáltico, entón xustificouse desa maneira. O outro é un camiño cun número importante de vivendas arredor e no seu momento considerouse que era mellor así. Basicamente sole ser por ese motivo e, incluso, por como estea o camiño en si, pero veu ao pleno no ano 2010 e ninguén cuestionou o proxecto.

Sr. voceiro do BNG: nós cando revisamos os proxectos, e eu supoño que, mais ou menos, se seguen uns criterios; todos van con rego asfáltico, reconezo que non miro sempre se levan dez centímetros ou doce, pero o que me chama a atención é que unha vez coñecido iso, creo que non hai xustificación técnica para poñer aglomerado porque os únicos que van nese Plan con aglomerado son un camiño de Guísamo que vai a Guillade, o de Sampaio, unha entrada alí, uns metros, e este nada mais.

Sra. alcaldesa: arriba en Sobre a Igrexa e aquí, ían practicamente metade e metade.

Sr. voceiro do BNG: pero o criterio é que se pon onde soporta mais tráfico.

Sra. alcaldesa: e tamén polo número de vivendas, ese é o criterio, incluso moitas veces tamén é certo que o criterio, e non é este caso, é onde hai camiños e vivendas onde xa se fixeron todo tipo de acometidas e non se vai volver a abrir, é dicir, que é un camiño que xa rompemos por todos lados e vai quedar moito mellor, ese sole ser tamén outro criterio que se ven utilizando habitualmente durante estes anos nos asfaltados.

Sr. voceiro do BNG: ao mellor resulta que é mais bo facelos todos de aglomerado, pero, insisto, camiños coma ese son a maioría de Bergondo, con esa densidade de edificacións; daquela se é bo asfaltalo aí, o de Modelo a Rois é do mesmo Plan e non vai con aglomerado.

Sr. concelleiro de infraestruturas: o que temos que facer é que cando levamos os proxectos ao Pleno revisalos, como facemos os demais, e se hai algunha cousa na memoria técnica que presentan tanto o aparellador como o arquitecto, e a xustificación para a Deputación, o fagamos constar. Dous anos despois intentarlle buscar supostas historias, paréceme un pouco ridículo.

De todas formas, quero dicirlle que nese camiño, na parte superior, había un problema de filtracións, que estaba totalmente desfeito e daba igual que se bacheara porque se volvía a levantar, e con esta solución ao mellor non hai que levantalo mais, e saberá vostede que se bacheou en moitas ocasións, porque eu cando estaba na oposición pedino moitas veces, entón agora con esta solución esperemos que se manteña mais tempo.

Sr. voceiro do BNG: xa lle digo, non son capaz de darlle conta de todos os detalles que veñen no proxecto, ese non é o meu traballo, hai técnicos. Eu cando si que me entero diso quero unha explicación, se é polas infiltracións moi ben.

Sr. concelleiro de infraestruturas: pero no ano 2010 tivemos todos a oportunidade de debater o proxecto.

Sr. voceiro do BNG: eu no proxectos miro o detalle que podo, asfaltado de camiños, paréceme ben que sexa asfaltado; algunha cousa se me pode colar, como isto, porque non é normal, non é habitual. Daquela, se se

me da unha explicación de que é polas infiltracións que pode haber, perfecto. Camiños coma estes son a maioría que hai en Bergondo, a maioría dos camiños municipais teñen esa densidade de vivendas.

Sr. concelleiro de infraestruturas: como dixó a alcaldesa, naqueles que teñen os servizos postos e ademais soportan algo de tráfico, se somos capaces de destinar algo máis de recursos para finalizalos con aglomerado, aparte de durar un pouco máis, aínda que o custo é maior, finalizamos unha zona e a deixamos un pouco limpa, nese sitio cúmprense todas as premisas, ten todos os servizos. En Santa Marta, na parte de Aldea de Arriba vaise facer o mesmo, un sitio que ten todos os servizos e se vai facer un esforzo desde o concello para que iso se faga, a través dunha proposta dun Plan de Cooperación coa Xunta, non ten máis historias.

Sr. voceiro do BNG: e que estamos falando dun proxecto do 2010, non tomaches ti a decisión, non che estou preguntando a ti.

Sr. concelleiro de infraestruturas: como responsable, si.

Sr. voceiro do BNG: nos camiños de Aldea de Arriba é xustificable porque pasan os camiións que veñen do Polígono por aí e sempre están fundidos, iso aí no PEIM se van en aglomerado paréceme ben, pero este camiño é un máis que hai no concello, polo que eu supoño que haberá que valorar económica e tecnicamente que compense, e non soporta a comparación con outros; se se fai ese aglomerado haberá que facer o oitenta por cento dos camiños con aglomerado, e non era o criterio que se seguía.

Sra. alcaldesa: habitualmente o normal é facelo con regos asfálticos que é moito máis barato, pero na medidas das posibilidades onde se pode, nun camiño que queda practicamente listo, polo número de vivendas, adoptouse ese criterio.

Sr. voceiro do BNG: non imos a eternizarnos, pero polo número de vivendas non se xustifica.

Sr. concelleiro de infraestruturas: só unha cousa máis, xa lle dixen en tres plenos que estamos nunha mesa de contratación para facer o camiño de Trasdoval, o que vai ao cemiterio, lle dixen en tres plenos, cando se vaia facer ese camiños vaise asfaltar o da Senra, xa lle dixen tres veces.

Sr. voceiro do BNG: e que estiven repasando as actas, e este camiño, estaba incluído en xullo de 2011 no Plan de pequenas infraestruturas.

Sr. concelleiro de infraestruturas: ¿e vostede cree que non está?

Sr. voceiro do BNG: non esta feito

Sr. concelleiro de infraestruturas: a finais de xuño ten que estar todo feito.

2) Situación e previsións do PXOM.

Sra. alcaldesa: dentro de pouco teremos xa informes de Intervención e Secretaría do procedemento para a resolución ou non do contrato, que é o primeiro que hai que facer para proceder a unha nova licitación, será proximamente.

Sr. voceiro do BNG: o Regulamento de Participación Cidadán, que tamén está aprobado.

Sra. alcaldesa: si que é certo que está aprobado, non está na axenda tan rápido como o PXOM, pero será o seguinte.

3) Informe do camiño de acceso á Fonte das Leiras.

Sra. alcaldesa: fai uns días se lle fixo unha autorización expresa ao redactor do proxecto para que puidera facer unha investigación no catastro histórico, eu supoño que xa nuns días, porque ten feito o levantamento topográfico e lle faltaban eses datos.

4) Información acerca das obras de mellora da Seguridade Vial na N-VI ao seu paso por Cortiñán.

Sra. alcaldesa: polo de agora non, e a resposta foi a mesma que por outros temas do pleno pasado, non teñen aínda unha partida para gastos que poidan facer directamente dende a Demarcación da Coruña, non lles teñen aprobados eses gastos. Supoño que tamén polo retraso da aprobación dos orzamentos xerais do Estado, aínda non dispoñen desas partidas coas que poder traballar dende a Demarcación, o compromiso é que dende

o momento que o fagan empezara as actuacións canto antes. É certo que se comprometeran en marzo, pero ao día de hoxe non teñen esa dispoñibilidade presupostaria.

5) *Asfaltado do camiño no lg. de A Senra, Vixoi.*

Esta pregunta xa foi contestada, segundo se recolle na páxina anterior, na resposta á pregunta núm. 1.

6) *¿Tívose en conta a proposta dun veciño do Pedrido de colocar un tubo de pluviais, aproveitando que se está a facer a obra incluída no Proxecto Mandeo da Deputación de A Coruña.?*

Sr. voceiro do BNG: temos a proposta dun veciño que nos chegou ao buzón, se se vai colocar ese tubo de pluviais que solicitan.

Sr. concelleiro de infraestruturas: a semana pasada reunímonos co presidente da Asociación de Veciños do Pedrido, e ademais con varios veciños de onde estamos facendo estas acometidas. O que expón este veciño, primeiro que non é certo, non se está afondando de mais, non se tapou o cano; entón, o que lle suxiro a este veciño, e xa lle digo que a Asociación de Veciños non tiña coñecemento diso, e que cando acabemos de asfaltar, no cano está circulando perfectamente a auga, revisaremos se fai falta ou non.

Nas obras da Deputación tal e como vamos, co retraso que temos e coa complexidade da obra, non é agora o momento de facer isto, e quizás co asfaltado que se propón e mais co cambio de firme que se está intentando facer se solvente, pero todo o que nos presentou este veciño non se sostén, eu creo que, ademais, se están recollendo todas as peticións a través da Asociación de Veciños do Pedrido, todos os muros que se están a rachar estanse amañando na semana, non queda nada fora; todas as arquetas que se están levantando volven a estar repostas na semana, e Asociación de Veciños, igual que eu, pensa que é mellor esperar a que finalicen as obras a ver que é o que acontece.

Dos argumentos que propón este home, nin eu nin a Asociación estamos de acordo; entón, o que lle suxiro, é que unha vez que rematemos a obra e revisemos todo

O mapa que presenta, coa altura que presenta non é a real, entón imos ver que é o que pasa. O concello está en disposición de garantir que iso non se inunde, pero isto basease en suposicións e a obra da Deputación tal e como estamos, co retraso que leva e a complexidade, agora non debemos de enturbiala.

Sr. voceiro do BNG: só era unha pregunta, paréceme ben a explicación. O cano a que se refire el tapouse, xa durante sucesivos anos, polo camping....

Sra. alcaldesa: por diversos particulares

Sr. concelleiro de infraestruturas: o cano dende a parte de detrás do cámping xa empeza a funcionar; ese cano vai estar limpo.

Sr. voceiro do BNG: seguramente sexa outro cano ao que se refire, atravesaba dende onde esta o lavadoiro ata onde está o de Cesar, por aí había un cano, e a última vez que se recheo foi detrás da estación de transformadores que hai alí, iso aínda está aí.

Sr. concelleiro de infraestruturas: o cano que vai desde o lavadoiro ata a casa de César, o presidente da Asociación, xa está recuperado e xa corre a auga, o que vai desde alí ata detrás de Fenosa xa corre a auga; entón o cano esta funcionado. O que si hai que facer cando acabemos as obras, volver a revisalo, porque estamos intentando desviar a auga que baixa polas escaleiras do Pedrido cara a Fonte para que non baixe pola parte onde soben as señoras polo camiño; entón, estamos facendo probas, cando acabemos de asfaltar e de acondicionar todo o Pedrido verá como o cano funciona, pero é que aquí se supoñen moitas cousas, por iso o que lle pido é que cando acabemos o revisemos.

Sr. voceiro do BNG: eu só estou preguntando se se vai facer iso, para información. Pero eu che digo que o cano está obstruído, e podémolo discutir. Creo que neste caso, pódense ter en conta ou non as suxerencias dos veciños, pero está ben que se fale, porque unha obra que se fixo de recollida de pluviais aquí, xa no anterior mandato, pois polo que se ve non funciona ben porque está mais alta a cota do que debería.

Antes de rematar a sesión toma a palabra o Sr. concelleiro do BNG Juan A. Fariña Pedreira e di: teño un rogo mais; trataríase de colocar, ou pintar, segundo sexa o caso, tres stops en Guísamo na estrada de Cambre, en concreto dous puntos que eu considero sensibles, como é na saída do parque infantil novo;

xusto enfronte no camiño que ven á carón de cemiterio, da gardería, tampouco hai sinal, e, mais arriba na saída dos Girasoles, tampouco teñen sinal de *stop*.

Sra. alcaldesa: pediremos un informe á policía; eu por experiencia lle digo que nesa zona non hai problemas, é mais unha cuestión de visibilidade; e dicir, cando non hai camións aparcados non hai problema ningún, e llo digo porque son usuaria frecuente desas saídas. Hai que pensar ás veces onde se colocan as sinais, en todo caso estudárase esa posibilidade.

Non existindo máis asuntos que tratar, ás vinte e dúas horas e vinte minutos remátase a sesión por orde da alcaldesa, e redáctase a presente acta da que eu, o secretario, dou fe.

O secretario xeral

V. e Pr.:
A alcaldesa

Federico Suárez Cancelo

Alejandra Pérez Máquez